

23, 24 e 25 de novembro de 2007 • Auditorio de Galicia  
Santiago de Compostela

# I CERTAME GALEGO DE BANDAS DE MÚSICA





## O mapa dun país a través das bandas

A música define, en certa maneira, a forma de ser dun país. Os seus sons evocan as tradicións e o presente, o entusiasmo, os sentimentos e, dalgún xeito, tamén o xeito de mostrarse ao mundo, a banda sonora que nos identifica. Se conseguíssemos concretar ese potencial musical da Galiza as bandas de música terían, sen dúbida algunha, un lugar de privilexio.

De sempre, xeración tras xeración, pero tamén nas nosas particulares biografías, os sons das bandas de música acompañan a nosa memoria, individual e colectiva. A través dos anos, milleiros de galegos e galegas formaron parte destas composicións musicais que teceron por si mesmas o mapa do noso país. En cada comarca, en cada cidade, en cada vila, a banda de música entrou a formar parte da nosa historia social e cumpriu, e cumpre, un papel destacado nos acontecementos máis relevantes.

Para a nosa cultura, as bandas significan a dinamización social na música, o achegamento á práctica musical de centos de persoas que se forman e actúan en milleiros de concertos, participan en festas e festivais e son protagonistas tamén nunha chea de actos solemnes e institucionais. Todo isto fai que as bandas sexan próximas, que nos impliquen a todos e a todas e que debuxen por si mesmas o ánimo creativo e artístico do que goza o noso país.

Por todo isto, a Consellaría de Cultura e Deporte comprácese en organizar xunto coa Federación Galega de Bandas de Músicas Populares este I Certame Galego de Bandas de Música, un encontro necesario que dará boa mostra da calidade das nosas agrupacións culturais. En Santiago de Compostela, na capital galega, reúnense durante tres días un bo feixe de bandas, centos de músicos e músicas, aos que lles temos que agradecer que se teñan convertido, como dicía, na nosa particular banda sonora.

Non obstante, tanto eles coma nós, sabemos que queda aínda moito camiño por andar. Que cómpre traballar arreo para dignificar e pór no lugar que merecen todos estes músicos e músicas que compoñen as nosas bandas, que podemos, entre todos, interpretar e ampliar o repertorio galego, que debemos promover a formación e facilitar o acceso de mozos e mozas... Que o camiño é longo pero satisfactorio porque entre mans temos a música que evoca o noso país.

ÁN XELA BUGALLO RODRÍGUEZ  
CONSELLEIRA DE CULTURA E DEPORTE



## Federación Galega de Bandas de Música Populares

Como presidente da Federación Galega de Bandas de Música, desexo darvos a benvida a esta edición na que se recolle toda a información relacionada co I Certame Galego de Bandas de Música Populares.

Despois de varios anos de traballo a prol das bandas de música populares de toda Galiza, e tras conseguir que a súa dignificación sexa unha realidade constatada, os esforzos da entidade que represento van encamiñados a que as nosas bandas ocupen o lugar que lles corresponde.

O I Certame Galego de Bandas de Música será o escaparate no que as nosas agrupacións demostren a alta calidade das súas interpretacións, así como das obras seleccionadas, nun escenario incomparable e como recoñecemento ao labor que desenvolven de transmisión da cultura musical de todas as épocas, estilos e temáticas.

Ser organizadores dun evento desta magnitude supón todo un reto para unha directiva espallada por toda a xeografía galega mais, porén, o esforzo vese recompensado na alta participación e interese demostrado polas propias protagonistas do evento, así como polas administracións e organismos ou entidades que se involucraron na organización e patrocinio.

Esperando que este primeiro certame estea á altura de todos os protagonistas e desexando que sexa o principio dunha longa andaina, animo a todas as agrupacións a que demostren a súa calidade e deséxovos sorte en nome de toda a xunta directiva da Federación Galega de Bandas de Música Populares. Todas as bandas de música populares sodes gañadoras.

EMILIO VÁZQUEZ GUERRA  
PRESIDENTE DA FGBMP



Xurado



## Juan Durán


Naceu en Vigo en 1960. Foi profesor numerario do Conservatorio Superior de Música da Coruña (1987-1997). Desde 1997 a 2005, foi asesor técnico de ensinanzas artísticas da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. No 2006 exerceu o cargo de xefe do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial. Na actualidade, pertence ao corpo de inspectores de educación, na especialidade de ensinanzas artísticas, e desempeña o cargo de subdirector xeral de ensinanzas especiais e formación permanente.

Desenvolveu unha certa actividade como instrumentista de piano, no campo do acompañamento e a música de cámara. Mais a súa verdadeira dimensión atópase na creación musical. Socio fundador da Asociación Galega de Compositores, da que foi presidente, é autor de case un centenar de obras.

A súa produción de cámara está orientada a todo tipo de combinatorias instrumentais: dúos para distintos instrumentos con piano, tríos, cuartetos, quintetos etc. Polo que se refire á música escénica, é autor dunha ópera (*O arame*, con texto orixinal de Manuel Lourenzo), dúas cantatas e unha importante produción de lieder, con gran variedade de poetas e estilos, que inclúe cancións en castelán, galego, portugués, italiano e francés. Atende tamén a produción de carácter didáctico, con distintos traballos orientados tanto á materia de linguaxe musical como a obras instrumentais. Entre estas últimas, cómpre destacar: *Album de orquesta* (Premio de Composición outorgado pola Universidade Carlos III de Madrid), *O xardín de Margarita*, *O señor Biscuit* etc.

Recibiu encargos da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia (*Longa noite de pedra*, cantata para barítono, coro e orquestra), Concello de Ferrol (*Juegos tímbricos*, para quinteto de metais), Orquestra Sinfónica de Galicia (*Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz*, cantata para soprano, barítono, coro e orquestra, con texto de Miguel Anxo Fernán-Vello), Festival Mozart (*felizcumpleañsmozart.com*), Real Filharmonía de Galicia (*Divertimento*) etc.

O seu compromiso coa música galega maniféstase, tamén, en traballos de recuperación do patrimonio histórico, como orquestracións de obras de



Juan Montes, Juan José Castro "Chané" ou Marcial del Adalid, de quen reconstruíu a súa ópera *Inés e Bianca*, por encargo do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

Case toda a súa produción está editada por Viso Editorial. Existen tamén obras súas en Arte Tripharia, Real Musical, Dinsic, Dos acordes etc. Póden-se atopar rexistros da súa música en RNE, Radio Galega etc., e en varios cedés con intérpretes como Albert Nieto, Joaquín Pixán, Alejandro Zabala, Marina Shamagian, Carlos Casado, Tatiana Prejvalskaya ou Antoni Ros Marbá.

## Roberto Forés Asensi

Nace en Carlet (Valencia), onde inicia a súa formación musical. Estuda no Conservatorio Superior de Música de Valencia e titúlase nas especialidades de solfeo, clarinete, piano, pedagogía, harmonía, contrapunto e fuga, composición e instrumentación, musicoloxía, dirección de coro e dirección de orquestra. Asiste a diversos cursos de análise, interpretación e dirección. É Máster de estética e creatividade, na súa 3ª edición, pola Universidade de Valencia.

Como instrumentista, foi profesor da Banda Municipal de Valencia durante 20 anos e colaborou coas distintas orquestras de Valencia, así como coa ORTVE. Como director titular, estivo á fronte da Lírca de Silla, a Armónica de Buñol, o CICOuM de Benaguacil e a Unión de Carlet.

Como director invitado, dirixiu a Banda Municipal de Madrid, Barcelona, Alacante e Valencia e a Banda Municipal de Santiago de Compostela, así como as de Ontinyent, Artesana de Catarroja, Lira Saguntina e Alacuás, entre outras.

Foi director titular da orquestra dos Conservatorios Superior e Profesional de Valencia, coa que realizou diversas xiras por todo o Estado. Actuou nun dos concertos de inauguración do auditorio do Conservatorio Superior de Vigo, así como nunha xira de concertos no Camiño de Santiago.

Ademais, con esta orquestra actuou no VII International Youth Musicale de Shizuoka (Xapón), Expo de Clark e Cultural Center of The Filipinas, Manila, en cidades como Roma, Milán, Nápoles, Florencia, Udine, Castellfranco, Veneto, Asides, Andorra (Auditorio Nacional de Ordino), Bucarest, Craiova, Bos Aires, Rosario, A Prata, Mar de Prata, Atenas, Corfú e Madrid (Auditorio Nacional). Deste concerto, o prestixioso crítico musical Enrique Franco escribiu en El País (Madrid, 13/4/1996): "...Roberto Forés, músico expresivo, firme condutor e polos resultados, eficazísimo pedagogo... Sinfonía nº 8 de Dvörok, levada por Forés con brío e detallismo, boa liña e riqueza de contrastes..."

Dirixiu o concerto de inauguración de L´Hemisféric, na Cidade das Ciencias e das Artes, co Orfeón Universitario de Valencia e o pianista e com-



positor Michael Nyman. Dirixe os Event de Santiago de Compostela en conmemoración do Ano Santo Compostelán 1999: Fin de Milenio, onde estreou o *Himno do peregrino de Cano con música e lume*.

Dirixe a representación da ópera *A frauta máxica* coa orquestra e taller de ópera dos Conservatorios Profesional e Superior de Valencia, coa colaboración da Escola Superior de Arquitectura e a Facultade de Belas Artes da Universidade Politécnica de Valencia.

Imparte diversos cursos, como o de dirección de orquestra, organizado pola Xunta de Galicia no Conservatorio Superior de Vigo. É director de honor de diversas sociedades valencianas. Formou tribunal en distintos certames e premios, tanto de interpretación como de composición.

Dirixe a Orquesta de Cámara Ciudad de Málaga, a Orquesta del Festival de la UAM (no II Curso Internacional de Técnica e Interpretación), así como a do Festival Internacional de Música de Cámara de Monserrat, a do Curso Internacional de Morella, o Collegium Instrumentale, a orquestra do VIII Internacional Youth Musicale de Shizuoka (Xapón), a Nova Orquestra Nacional dos Templarios (Portugal), o Coro Sant Yago de Valencia, o Coro do Conservatorio Superior de Valencia, o Orfeón Navarro Reverter, o Orfeón Universitario de Valencia, a Coral Valparaíso (Valladolid) etc.

Estreou en España o *Concerto para orquestra* de Tadeuz Baird, a versión para frauta e orquestra de J. Galway da *Fantasia para un gentilhombre* de J. Rodrigo, a suite orquestral da música da película *Gattaca*, de Michael Nyman, así como outras estreas absolutas do departamento de composición do Conservatorio Superior de Música de Valencia.

Como compositor, escribiu diversas obras para as probas de primeira vista nas oposicións para diversos instrumentos na Orquesta Sinfónica de RTVE, así como outras obras, principalmente para banda. Dirixiu solistas como Pierre Thibaud, Maurice Benterfa, Sergio Azzolini, E. Abbühl, V. Prats, Félix Ayo, Jessi Levine, M. Monreal, Enrique Santiago, Thomas Martin, Breno Ambrosini, Fco. Salanova, V. Zarzo, Marçal Cervera e Agustín León Ara entre outros.

Recentemente, dirixiu o espectáculo Música, Poesía e Danza no Renacemento do Mediterráneo, no II Simposio sobre o Encontro de Civilizacións: Marsala ponche sul Mediterraneo (celebrado nesta cidade siciliana). Gravou diversas obras para RNE Radio 2 e diversos discos de música valenciana.

Desde o curso 1986-87, é profesor de harmonía do Conservatorio de Valencia e ocupa a cátedra de dirección de orquestra no curso 1992-93, e na actualidade imparte o seu labor docente na de composición e orquestración.

Á súa vez, e desde o ano 2000, é director titular da Orquesta e da Banda Primitiva de Lliria, con cuxas formacións actuou en diversos puntos da xeografía española e do estranxeiro.

Entre outros premios, en xullo do ano 2005 e coa Banda Primitiva de Lliria, conseguiu o primeiro premio da sección de honor do Certame Internacional de Bandas Música de Valencia e o premio á mellor banda da comunidade, ao obter a maior puntuación de todo o certame en todas as categorías.

Coa banda desta sociedade, ofreceu concertos nun gran número de cidades da Comunidade Valenciana, así como do resto de España (Alacante, Tarragona, Cidade Real, Bilbao, Granada, Teruel)

Coa Orquesta da Primitiva de Lliria dirixe en Roma, en Santa María a Maior, o concerto-anuncio do V Encontro das Familias, que se celebrou en Valencia coa visita do Papa. Tamén hai que destacar os concertos benéficos para distintas organizacións non gobernamentais. Canto ao estranxeiro, destacamos os concertos celebrados na súa xira asiática: o do Palacio dos Pioneiros de Beijing e o do Teatro Yan Pu de Shanghai, en outubro de 2002. Tratábase da primeira banda española que actuaba no devandito país.



## Francisco Pérez Rodríguez

Nace en Orihuela (Alacante) en 1962. Comeza os seus estudos musicais co seu pai en 1969. Xa de forma oficial, estuda no Real Conservatorio de Arte e Declamación de Murcia (1973-1977) e no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, onde obtén o título superior de clarinete. (1977-1980). Como clarinetista, foi membro das seguintes orquestras:

- 1987 - 1990 Xoven Orquestra de Galicia
- 1990 - 1990 Orquestra Internacional de Jóvenes de Murcia
- 1991 - 1992 Orquestra Ciudad de Málaga
- 1992 - 1993 Orquestra Ciudad de Barcelona
- 1993 - 1994 Orquestra Sinfónica de Galicia
- 1995 - 1996 Orquestra de Cámara de Pontevedra

En 1993 comeza estudos de dirección de orquestra co mestre Miguel del Castillo Clavel. Así mesmo, neste tempo Francisco Pérez é:

- Fundador e director do Coro Camerana de Bértola (Pontevedra)
- Director da Banda de Música Municipal de Ourense
- Director da Banda de Música de Salceda de Caselas (Pontevedra)
- Director da Banda Filharmónica do Conservatorio Superior de Música de Vigo
- Asiste a cursos de prácticas de técnicas orquestrais:
  - Universidade Internacional Menéndez Pelayo (Barcelona)
  - profesores da OCB Universidade de Alcalá de Henares (Madrid)
  - Curso de especialización musical para posgraduados
  - Clases maxistras de dirección de orquestra. Mestre: Miguel Ángel Gomez Martínez
- Conservatorio Superior de Música de Vigo. Curso de perfeccionamento de práctica orquestral (dirección de orquestra). Mestre: James Ross

En 1996 entrou a formar parte do profesorado da Escola Profissional de Música de Viana do Castelo (Portugal), como profesor de clarinete e de música de cámara. Un ano máis tarde outórgaselle o posto de director do



curso de sopros, director da Orquestra de Sopros e director asistente da Orquestra Sinfónica da EPMVC.

En 1999 créase a Orquestra Júnior da Fundação Átrio da Música de Viana do Castelo, da que é nomeado mestre Francisco Pérez. Conclúe os seus estudos de dirección de orquestra co mestre Omri Hadari no Porto (Portugal).

No 2000 realiza un posgrao en dirección de orquestra na Universidade de Las Vegas (USA) co profesor e mestre Tad Suzuki.

En xullo de 2004 asiste a clases maxistras de dirección de orquestra co mestre Bruno Aprea. É seleccionado para dirixir o concerto de clausura coa Orquestra Sinfónica de Extremadura. No curso académico 2004-05 realiza un curso coa Orquestra Júnior da Fundação Átrio da Música da EPMVC (Portugal).

Na actualidade, Francisco Pérez é director da Orquestra Sinfonietta de Vigo, director da Banda de Música Municipal de Ourense e profesor no Conservatorio Superior de Música de Vigo, no que imparte as especialidades de clarinete, música de cámara e repertorio orquestral.

## Xosé Carlos Seráns Olveira

Xosé Carlos Seráns Olveira nace en Ribeira (A Coruña), aínda que a súa vida persoal se desenvolve en Xuño, no concello de Porto do Son (A Coruña). Comeza a súa andaina musical aos 11 anos na Banda de Música de Caamaño.

Aos 20 anos pasa a formar parte do corpo de bandas de música da Armada, destinado na Banda de Música do Terzo Norte de Ferrol. En 1987 gaña por oposición libre a praza de tuba na Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, da que na actualidade tamén é xerente.

Persoa comprometida coa música en Galiza, é impulsor dos seguintes proxectos:

- 1988: Escola de Música Municipal de Catoira
- 1989: Grupo de Metais de Santiago
- 1989: Banda de Música Municipal de Catoira
- 1993: Cuarteto de Tubas Euphonium
- 1994: Banda Sinfónica de Galicia
- 1995: Grupo de Metais de Galicia
- 1997: Solfa, Asociación Cultural-Musical
- 2000: Banda Filharmónica de Galicia
- 2002: Escola Municipal de Música de Santiago
- 2004: Escola Municipal de Música de Ames
- 2004: Gallaecia Orquestra
- 2005: Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares

Ten realizado numerosos cursos de perfeccionamento de metais, composición e dirección de orquestra e banda con mestres como Miguel Torres, Enrique Ferrando, Walter Rand Stormont, Harvey Phillips, Mel Culbertson, Miguel Navarro, Henrie Adams, Aldo Ceccato, Helmuth Rilling, Francisco Grau Vergara, Bernardo Adam Ferrero, Manuel Hernández Silva, Tristán Murail, Magnus Linberg, Antón García Abril etc.

Entre 1990 e 1992, foi coordinador da área didáctica dos concertos para escolares no Auditorio de Galicia e durante os anos 1992-1999 foi profe-



sor e vicedirector do Centro Autorizado de Ensinanza Musical de Grao Medio Martín Millán de Vilagarcía de Arousa.

É titulado superior nas especialidades de tuba e dirección de orquestra. É autor de numerosas obras e arranxos orquestrais para banda de música, orquestra e grupos instrumentais, entre os que cómpre destacar as súas composicións para coro e banda:

- *Soneto á Terra Chá*, texto de Xosé Chao Rego, para banda e coro mixto, estreada o 25 de xuño de 2005 pola Banda Filharmónica de Galicia no Auditorio de Galicia.
- *Rosas*, texto de Manuel María, para banda e coro mixto, estreada o 26 de novembro de 2005 pola Banda Filharmónica de Galicia e Corais de Compostela no Auditorio de Galicia.
- *A Saleta*, texto de Manuel María, para banda e coro mixto, estreada o 26 de novembro de 2005 pola Banda Filharmónica de Galicia e Corais de Compostela no Auditorio de Galicia.
- *Poema da ausencia*, texto de Manuel Olveira, instrumentada para voz e grupo de vento, estreada o 5 de maio de 2007 pola Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares.
- *Apreixar o vento*, texto de Marta Dacosta, para banda, soprano e coro mixto, estreada o 5 de maio de 2007 pola Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares e Corais de Compostela no Auditorio de Galicia.

Entre os seus próximos proxectos están a representación da obra *A historia do soldado*, de Igor Stravinsky, no Auditorio de Galicia, nunha adaptación ao galego en forma de conto didáctico con representación teatral; tamén a estrea e gravación das obras seleccionadas no I Concurso de Composición para Banda de Música, convocado pola Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Vicepresidencia) a través de GZCREA, coa Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares, así como a gravación dun CD de música galega coa Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

## Javier Viceiro-Filgueira

Nace en Pontevedra e realiza os seus estudos musicais no Conservatorio Superior de Música de Vigo, no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid e na Zuid-Nederlandse Hogeschool voor Muziek de Maastricht (Holanda).

No ano 1996 ingresa por oposición no corpo de profesores de música e artes escénicas da Xunta de Galicia e actualmente é profesor de trompeta e orquestra nos Conservatorios Superior e Profesional de Música de Vigo. Canto á súa experiencia de cámara, foi membro do Grupo de Metais Santa Cecilia na cidade de Ferrol, desde o ano 1990 até o 2002, co que realizou diversas gravacións para TVG e para Radio Clásica, varios ciclos de concertos monográficos e numerosos concertos didácticos. Pódense destacar os realizados no ano 1998 en compañía de Fernando Argenta e Araceli González Campa e varias estreas de obras-encargo de compositores como Tomás Marco, Xoán Durán, Paulino Pereiro, Xoán Viaño etc.

No que se refire á súa experiencia orquestral, cómpre citar as súas colaboracións como instrumentista coa Orquesta Sinfónica de Radio Televisión Española (ORTVE), Orquesta Sinfónica de Galicia (OSG), Real Filharmonía de Galicia (RFG) e Xoven Orquestra de Galicia (XOGA)..

Comeza os seus estudos de dirección de orquestra con James Ross (USA) e Marcel van Bree (Holanda) no ano 1997 e, paralelamente, ocupa o posto de director da Banda Municipal de Silleda (Pontevedra). No ano 1999 é director titular da Banda Escola de Música de Beade (Vigo), coa que obtén diferentes premios en concursos (Cullera, Sada, Pontevedra, Campo de Criptana, Ribadeo, Altea etc.) e realiza diferentes gravacións.

Ten dirixido como invitado a Arka Symfonie Orkest de Maastricht (Holanda), a Orquesta Clásica de Vigo, a Orquesta de Sopros e a Orquesta Júnior da Escola Profesional de Música de Viana do Castelo (Portugal), a Banda Municipal da Coruña e a Banda Municipal de Pontevedra.

No ano 2002 finaliza os seus estudos no ISEB (European Institute for Band) en Trento (Italia) e obtén así a súa diplomatura superior en wind



orchestral conducting. Cursa estudos de dirección, composición, instrumentación, piano e organoloxía cos mestres Jan Cober, Felix Hauswirth, Carlo Pirola, Francesco Canizzaro e Armando Franceschini. Nese mesmo ano dirixe a obra músico-teatral *A historia do soldado*, con música de I. Stravinsky e texto de F. Ramuz, co que dará lugar á creación do Ensemble Siglo XXI, integrado por profesores do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

No ano 2003 obtén a súa licenciatura en wind orchestral conducting co mestre Jan Cober (Holanda) na Zuid-Nederlandse Hogeschool voor Muziek de Maastricht (Holanda). En 2005 termina os seus estudos de dirección de orquestra sinfónica na Zuid-Nederlandse Hogeschool voor Muziek de Maastricht (Holanda) cos mestres Jan Stulen (Holanda) e Edmond Saveniers (Bélxica). Realiza o seu exame de graduación na Willem Hystek Zaal (Conservatorium Maastricht) ao fronte da Arka Symfonie Orkest. Asistiu a diferentes master-classes de dirección de orquestra con mestres como Josep Pons (España), Jan Cober (Holanda), Jan Stulen (Holanda) e James Ross (USA).

Neste ano, vén de realizar unha xira de concertos de presentación da Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra (OFCP), da que é director titular desde a súa creación en 2006. Na actualidade, dirixe a Orquestra Sinfónica e a Orquestra de Vento do Conservatorio Superior de Música de Vigo, a Orquestra Filharmónica do Conservatorio Profesional de Música de Vigo e ocupa os cargos de director titular da Banda Municipal de Pontevedra (BMP) e da Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra (OFCP).

## Compositores obras obrigadas



## Xoán Montes



Xoán Montes Capón nace en Lugo o 13 de abril de 1840 no seo dunha modesta pero acomodada familia. Da infancia de Montes non se coñece absolutamente nada. Aos dez anos ingresa no Seminario de Lugo, onde cursa a carreira eclesiástica e permanece durante 14 anos. Ao rematar a carreira, en 1864, non se ordena sacerdote e volve á casa dos seus pais, na que permanece até a súa morte en xuño de 1899.

Con 24 anos, Montes decide dedicarse enteira e exclusivamente á música. Desenvolve unha intensa actividade musical no Círculo de las Artes e no Casino de Caballeros, crea e dirixe a Banda de Música Municipal de Lugo, o Orfeón e o Sexteto.

Nunca se desligou enteiramente do seminario, xa que continuou como profesor de música e director dos coros dos seminaristas. Foi tamén, desde 1862, organista substituto da catedral, desde 1878 organista segundo titular, e desde 1887 mestre de capela interino.

O seu último acto público tivo lugar unhas dez horas antes de morrer, interpretando o *Canto das vésperas de San Xoán* na catedral, como director do coro dos alumnos do seminario.

## Ángel Antonio Montes Abalde

Nace en Matamá (Vigo) en 1977. Aos dez anos comeza a estudar trombón no seo da Agrupación Musical Atlántida de Matamá. Posteriormente, ingresa no Conservatorio de Música de Vigo, onde realiza os estudos superiores de trombón (especialidade na que obtén a titulación superior en outubro de 2005) e composición (titulado superior desde marzo de 2007).

Como intérprete, forma parte da Agrupación Musical Atlántida de Matamá, Orquestra Clásica de Vigo e Coro de Cámara Camerata Ad Libitum, co que obtén en 2002 o Gran Premio Nacional de Canto Coral. Formou tamén parte do grupo de música ska Dr. Cotomondongo. Colabora en gravacións discográficas de grupos galegos como Siniestro Total, Os Cempés, Nenos da Revolta, Diplomáticos de Montealto etc. É diplomado en educación musical pola Universidade de Vigo.

Como compositor, acada en 2004 o segundo premio de composición no 39 Festival de Vilancicos Caixanova. Publicou recentemente, xunto con outros compositores novos, un libro de pezas para piano titulado *Novos compositores galegos*, editado pola editorial Dos Acordes.

Desde xuño de 2004 é director da Banda Escola da Unión Veciñal e Cultural de Candeán (Vigo), coa que acada en outubro de 2006 o primeiro premio e mención de honra no Certame Provincial de Bandas de Música Populares da Deputación de Pontevedra. Actualmente, imparte clases de harmonía, banda e informática musical no Conservatorio Profesional de Música de Vigo.



## Eligio Vila Vázquez



Nace en Lantaño (Portas) o 1 de xaneiro de 1943. Inicia os estudos musicais con José Laguarda no seu lugar natal e continúa no Conservatorio Profesional de Pontevedra e en Vigo, A Coruña e Madrid, nos superiores, onde acada o título de profesor superior de harmonía, contrapunto, composición e instrumentación.

Estuda harmonía e contrapunto con Enrique Saavedra e Ildefonso García Rivas, composición e instrumentación con Roxelio Groba e música dramática con Román Alís. Estuda tamén canto gregoriano na Abadía de Santo Domingo de Silos (Burgos) co mestre de capela José Luis Angulo.

Vinculado á docencia, exerceu como mestre de primaria, director da Academia Municipal de Música de Vilagarcía de Arousa e profesor numerario de música no ensino medio.

Desde o ano 1993, ano da estrea de *Variacións para orquestra, op. 1*, as súas obras interprétanse habitualmente en Galiza, España, Portugal e Venezuela.

En 1995 estrea en Caracas (Venezuela) *Secuencias "Nocturno"*, que sería editada en 1997 polo IGAEM na colección de música culta *Ars Gallaeciae Musicae*.

En 1998 faise a estrea de *Cantos y ritmos salvajes* e ese mesmo ano recibe a encarga da *Sinfonía africana "Pangeia"* para as celebracións conmemorativas do 25 aniversario da independencia de Angola, realizadas en Portugal.

En 1999, a Fundación Festival Internacional de las Artes (Isla Margarita, Venezuela), encárgalle unha obra, que será unha das súas últimas composicións: *Sinfonietta*.

A presentación das súas obras sempre recibiu o cálido aplauso do público e da crítica especializada.

Estreas:

*Variacións para orquestra, op. 1*. Orquestra Sinfónica de Galicia: o 9 de decembro de 1993 no Pazo de Congressos da Coruña, baixo a dirección de Víctor Pablo Pérez.

*Secuencias "Nocturno"*. Estrea mundial no Teatro Rosalía de Castro de Caracas (Venezuela) pola Orquesta Sinfónica de Venezuela, dirixida polo mestre Rafael Montes Gómez, co gallo da homenaxe ao desaparecido músico venezolano Vicente Emilio Sojo. Posteriormente, daríase a coñecer en España pola Orquestra Sinfónica de Galicia no Pazo de Congressos da Coruña, baixo a dirección do seu titular, Víctor Pablo Pérez.

*Cantos y ritmos salvajes*. Estrea mundial realizada pola Orquesta Sinfónica de Lara (Venezuela) na Universidade Centro-Occidental Lisandro Alvarado, no Estado de Lara, baixo a dirección do mestre e compositor Eckerht Lucena, o 12 de febreiro de 1998. O 14 de xullo dese mesmo ano interprétaa a Orquesta Sinfónica Municipal de Caracas, dirixida por Carlos Riazuelo, co gallo da conmemoración do V centenario da chegada de Colón a Venezuela.

*Sinfonía africana "Pangeia"*. Con motivo da celebración do 25 aniversario da independencia de Angola, a Orquestra do Norte de Portugal encárgalle a orquestración desta sinfonía do autor congolés Carlos Sanches para orquestra e coros.

*Sinfonietta*. Creada para a Fundación Festival Internacional de las Artes de Isla Margarita (Venezuela), presentada no Palacio da Ópera da Coruña pola Orquestra Sinfónica de Galicia baixo a dirección de Lu Jia, o 9 de xaneiro de 2004.

*Preludio e fuga para cordas*. Estreouse en Ferrol o día 22 de setembro de 2001 no Centro Torrente Ballester polo Shostakovich Ensemble, no IX Ciclo de Concertos da Asociación Galega de Compositores.

*Rodó brillante para piano, op. 6*. Estreada no Museo de Belas Artes da Coruña polo seu fillo, Javier Vila Alonso, o día 28 de setembro de 2006,

con motivo do XI Ciclo de Concertos da Asociación Galega de Compositores. Vila Alonso gañaría máis tarde con esta obra o premio ao mellor intérprete de música clásica galega, outorgado pola Asociación Galega de Compositores no I Certame da Asociación Galega de Interpretes de Música Clásica (ASGAIM).

*A danza núm. para piano, op. 7* e o *Concerto para trompeta e orquestra* están pendentes de estrea.

*Rapsodia arousá*. Estreouna a Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela, o día 5 de maio de 2007, dentro do Concerto A Nosa Clave, baixo a dirección de Xosé Carlos Seráns.

## J. Javier Ces Calvo

Nace en Taragoña (Rianxo) no seo dunha familia de músicos, os Pinchudos. Da man do seu pai, comeza a estudar música á idade de dez anos na Banda de Música do Centro Cultural e Deportivo de Taragoña; prosegue a súa formación no Conservatorio da Real Sociedad Económica de Amigos del País en Santiago de Compostela, onde acada o título superior de tuba-bombardino, o medio de trombón e o elemental de piano.

Ao mesmo tempo, perfeccionábase na Escola Santa Cecilia de Madrid, co mestre Enrique Ferrando Sastre e asistía a distintos cursos de formación relacionados coa música. En 1992 acada por concurso-oposición a praza de bombardino na Banda Municipal de Santiago de Compostela. No curso 1994-95 obtén pola Universidade de Santiago de Compostela o Certificado de aptitude pedagóxica.

Tamén exerceu de profesor de solfexo e vento-metal na Escola de Música do Concello de Arzúa, e de solfexo na do Concello de Santiago de Compostela. Colaborou con diversas bandas de música da nosa comunidade e tamén coa Xoven Orquestra de Galicia, baixo a batuta de Joam Trillo.

Na actualidade, prosegue a súa formación na Escola de Altos Estudos Musicais, dependente da Xunta de Galicia, nos cursos de composición que imparte o mestre Antón García Abril.

Realizou composicións para distintos grupos instrumentais, que abranquen desde música de cámara (*Arrolo, Pingueiras*), música para conxuntos instrumentais (*Ainofatnep*, para septeto de vento e percusión) e música para banda (*Saraldara* —balada e muiñeira—, pasodobres etc.).

É membro da Asociación Galega de Compositores e da SGAE.



# Programa





Obra obrigada *Rapsodia Galega* de Xoán Montes Capón  
(2º movemento)

**Asociación Cultural Banda de Música de Vilalba**

Director: Cesar Concheiro Guerreiro

Obra libre: *Choral and Rock-Out* de Ted Huggens

*I - Choral*

*II - Rock-out*

**Banda Municipal Rosalía de Castro de Padrón**

Director: Manuel Ángel Sobral Rial

Obra libre: *Oregón* de J. de Haan

**Banda de Música de Ortigueira**

Director: Carlos Dieguez Beltrán

Obra libre: *Cavaleiros de Santiago* de Xosé L. Represas

*Introducción*

*II - Alborada*

*III - Canción*

*IV - Pandeirada*

*V - Muiñeira*

*VI - Danza quebrada*

*VII - Coda*

**Banda da Escola de Música de Rianxo**

Director: Rafael Collazo Moares

Obra libre: *Diego de Acevedo* de Miguel Asíns Arbó

*I - Introducción y marcha*

*II - Intermedio*

*III - Seguidillas*

*IV - Nocturno*

*VI - Bailén*

**Venres, 23 de novembro**

**Auditorio de Galicia  
Santiago de Compostela**

**20.00 h.**

**SECCIÓN TERCEIRA**



**Escola de Música e Banda Sementeira (Cambre)**

Director: Francisco Javier Vidal Suárez

Obra libre: *Cavaleiros de Santiago* de Xosé L. Represas

*I - Introducción*

*II - Alborada*

*III - Canción*

*IV - Pandeirada*

*V - Muñeira*

*VI - Danza quebrada*

*VII - Coda*

**Banda de Música de Chantada**

Director: José Vicente Navarro Serrano

Obra libre: *Pastorale Symphonique* de Jacob de Haan

*I - Andante con forza*

*II - Siciliano non rubato*

*III - Allegro molto*

Obra obligada *A Creación* de Angel A. Montes Abalde

**Banda de Música Cultural de Teo**

Director: Miguel Rodríguez Barrio

Obra libre: *Mutanza* de Jim Kurnow

*Tema - Andante brillante ma maestoso*

*Variación I - Allegro con brio*

*Variación II - Rubato espressivo*

*Variación III - Allegro spiritoso*

*Variación IV - Andante moderato e teneramente*

*Variación V - Allegro moderato e maestoso*

**Banda de Música Popular de Rubiós**

Director: Rafael Pérez Dopeso

Obra libre: *Alternances* de André Waignen

**Banda de Música do Concello de Barbadás**

Director: José Manuel Dopazo Grande

Obra libre: Sinfonía nº 1. *O Camiño de Santiago* de Juan Gonzalo Gómez Deval

*I - Meditación e peregrinaxe*

*III - Oración e milagre*

*IV - Santiago e o xubileo*

**Banda de Música Municipal de Valga**

Director: Manuel Villar Touceda

Obra libre: *Jazz Suite* de Manfred Schneider

*I - Jazz valse*

*II - Jazz ballad*

*III - Jazz samba*

**Agrupación Músico-Cultural de Ribadumia**

Director: Victor Manuel Fernández Vázquez

Obra libre: *Sinfonietta N°2* de Philip Sparke

*I - Overture*

*II - Serenade*

*III - Finale*

**Sábado, 24 de novembro**

**Auditorio de Galicia  
Santiago de Compostela**

**18.00 h.**

**SECCIÓN SEGUNDA**

**Banda de Música Xuvenil de Xinzo**

Director: Álvaro Varela Ferradáns

Obra libre: *Impresións Galegas* de Enrique Saavedra

*I - Abertura*

*II - Bruxas*

*III - Rías Baixas*

*IV - Alborada e festa*

Obra obrigada *Rapsodia Arousá* de Eligio Vila

**Banda de Música de Salcedo**

Director: Fernando Raña Barreiro

Obra libre: *Teogónica* de Andrés Valero

*I - Proemio*

*II - Invocación a las Musas*

*IV - Ascenso de Zeus al Poder*

**Banda Unión Musical de Meaño**

Directo: David Fiuza Souto

Obra libre: *Symphony Nº 0* de Bart Picqueur

*I - Fanfare for Ra - God of the Sun*

*II - At the Well-Song and dance of the Phoenix*

*III - Death and Rebirth*

*IV - Flight to Heliopolis - Ceremony for Ra*

**Banda de Música Xuvenil de Barro**

Director: José Varela Pardo

Obra libre: *Sinfonía nº 8 The Mountains of Mallorca* de Derek Bourgeois

*Puig Major*

*Mont Ferrutx*

**Asociación Agrupación Musical de Vincios**

Directo: Juan Luís Costas Álvarez

Obra libre: *Praise Jerusalem!* de Alfred Reed

*Introduction - Maestoso*

*Theme - Molto moderato sostenuto*

*Variation I - Allegretto*

*Variation II - Molto sostenuto ed espressivo*

*Variation III - Alla marcia con motto*

*Variation IV - Lento colla parte*

*Variation V - Allegro deciso ma non troppo*

*Finale*

**Domingo, 25 de novembro**

**Auditorio de Galicia  
Santiago de Compostela**

**16.00 h.**

**SECCIÓN PRIMEIRA**

Obra obligada *Hipófisis* de J. Javier Ces Calvo

**Banda Artística de Merza**

Director: José Rodríguez Ramos

Obra libre: *3ª Sinfonía Op. 89* de James Barnes

*I - Lento. Drammático. Allegro Rítmico*

*II - Scherzo. Allegro Moderato*

*IV - Finale. Allegro Giocoso*

**Domingo, 25 de novembro**

**Auditorio de Galicia  
Santiago de Compostela**

**16.00 h.**

**SECCIÓN ESPECIAL**



# Historial das Bandas



## Sección Tercera





**ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE VILALBA**

Director: César Concheiro Guerrico



## Historial da banda

Despois da desaparición das últimas bandas existentes en Vilalba polo 1936, pásase nesta vila de gran tradición musical por unha época de seca, até que no ano 1987 o Concello decide crear unha escola de música, da que máis tarde xurdirá a nova Banda de Música de Vilalba.

Tras varios anos de clases de linguaxe musical, no ano 1990 prodúcese a primeira actuación desta banda e o 14 de abril de 1991 celébrase a súa presentación oficial, cando se constitúe xa como asociación cultural.

Nestes 14 anos de existencia, foron varios os directores que estiveron á fronte: o primeiro, Xosé Guntín Currás, e en 1993 colle a batuta Xosé Rodríguez Ramos. Actualmente, e desde o ano 1995, dirixe esta banda César Concheiro Guerrico.

A andaina desta asociación pasa por actuacións en toda Galiza, Asturias, León e Portugal, ben sexa mediante intercambios con outras bandas, contratacións por diversos concellos e circuítos culturais patrocinados pola Xunta de Galicia, as deputacións provinciais, a Federación Galega de Bandas de Música Populares ou o Concello de Vilalba. Cómpre destacar actuacións na TVG, Radio Galega e TVE, así como dúas gravacións editadas, unha no ano 1995 e a última no ano 2001 co gallo do X aniversario da banda.

A finalidade principal desta formación é a de difundir e promover a música, neste caso a música de bandas, tan tradicional no noso país.

## Director

César Concheiro Guerrico nace en Vigo en 1969. Inicia os seus estudos musicais no Conservatorio de Música de León á idade de 7 anos, onde se inclina pola especialidade de frauta traveseira. En 1988 trasládase á cidade da Coruña e ingresa no conservatorio superior desta cidade. Neste conservatorio obtén a titulación superior de mestre de frauta. En 1990 entra a formar parte da Orquestra de Cámara Municipal da Coruña e gaña por oposición unha praza de frauta na banda municipal da cidade.

O perfeccionamento dos seus estudos inclúe cursos con profesorado de prestixio internacional como Trevor Wye, Vicens Prats, Pierre Dumail, Aurele Nicolet, Peter Lukas Graf, Benoit Fromanger, Patrick Gallois, así como a súa asistencia á Escola de Música de Barcelona, onde estudou con Magdalena Martínez, e á Escola de Práctica Orquestral da Orquestra Sinfónica de Galicia, coa solista Claudia Walker.

Posteriormente, é bolseiro polo Instituto de Artes Escénicas e Musicais de Galicia, onde terá a oportunidade de completar estudos co frauta solista da Real Filharmonía de Galicia, Laurent Blaitiau.

Colabora en numerosas ocasións coa Orquestra Sinfónica de Galicia e coa Real Filharmonía de Galicia. Con elas tivo a oportunidade de tocar baixo batutas tan prestixiosas como as de Helmut Rilling, Jesús López Cobos ou Sir Neville Marriner.

O seu traballo de cámara desenvólveo fundamentalmente co Quinteto de Vento Coruña Quintet, grupo do que é fundador e co que nos últimos anos vén desenvolvendo un labor ininterrompido. Compaxina a estrea de obras para esta formación coa difusión do repertorio máis habitual para quinteto.

No ano 1995 faise cargo da dirección da Banda de Música de Vilalba, que sempre se caracterizou polo impulso do enfoque pedagóxico e da función social. Desde 1999 forma parte do corpo de mestres de ensinanzas artísticas e musicais da Xunta de Galicia e é na actualidade profesor no Conservatorio Superior de Música da Coruña.







**BANDA MUNICIPAL ROSALÍA DE CASTRO DE PADRÓN**

Director: Manuel Ángel Sobral Rial



## Historial da banda

A Banda Municipal Rosalía de Castro de Padrón nace no ano 1997, da man de Ernesto Beteta, mestre que viña desempeñando un importantísimo labor musical dentro da Escola Municipal de Música.

En decembro dese mesmo ano faise cargo da dirección da banda Manuel Ángel Sobral. A banda sae por primeira vez á rúa en 1998. Recoñécese o grande esforzo que tiveron que facer os seus compoñentes para consolidar a banda. Ao longo destes anos, a Banda Municipal Rosalía de Castro vén realizando actuacións en toda a comunidade, se ben é certo que no ano 2000 realizou un intercambio cultural coa Unió Musical de Massamagrell, en Valencia, ano no que se celebrou o I Festival de Bandas Vila de Padrón.

Cada ano realízanse intercambios culturais con outras bandas. Destacan os intercambios realizados coas bandas de Cangas, Tenorio, Candeán, Arca, Betanzos, San Miguel de Oia, Vilatuxe, Belesar, Sada, Cedeira, Orti-gueira e Guláns.

A banda conta coa colaboración da Escola Municipal de Música, onde un total de sete persoas se encargan de formar musicalmente o alumnado. Un 90% dos membros da banda nace para a música na escola, que conta cunha matrícula anual de 30 persoas, repartidas en vento, percusión e piano.

A agrupación imparte clases nas parroquias de todo o concello, dentro do Proxecto "Música na casa". Este proxecto foi deseñado polo seu director e varios mestres da banda no 2004, e grazas a el naceu a Banda Infantil, que conta cun total de 30 nenas e nenos, cunha idade comprendida entre os seis e os 11 anos.

Destacamos como mérito o traballo e esforzos destas 30 persoas, que dedican moitas horas aos ensaios, mais a ilusión posta neste proxecto e chegar ao nivel musical desexado por todas e todos faise realidade día a día.

A de Padrón non é unha banda grande, se ben o máis grande que ten é o espírito de traballo e sacrificio das persoas que a integran. Como dixemos, estas persoas dedican moitas horas do seu tempo a conseguir que unha banda tan pequena poida soar o máis afinada e empastada posíbel.

Para rematar, cómpre sinalar que á Banda Municipal Rosalía de Castro de Padrón lle queda un longo camiño para chegar ao nivel que procura o seu director, ao indiscutíbel nivel que posúen as bandas coas que hoxe comparte escenario.



## Director

Manuel Ángel Sobral Rial nace na parroquia de Taragoña (Rianxo), onde comeza a súa andadura musical tocando o bombardino na banda infantil. Realiza estudos de bombardino e trombón no Conservatorio de Música de Santiago, onde acada o título superior nas dúas especialidades no curso 1997-98. Asiste a cursos e a clases con Enrique Ferrando, José Casal (Lito), Carlos Seráns e Daniel Perpiñán.

No ano 1993 comeza os estudos de música na Universidade de Santiago de Compostela e acada no 1996 o título de mestre especialista en educación musical. No 1997 aproba a oposición ao corpo de mestres, cargo desde o que desempeña a súa función docente.

Asistiu e participou activamente en cursos de formación no campo do folclore (aproveitamento didáctico e análise, expresión vocal e instrumental, percusión) no da informática musical (edición de partituras e secuenciación midi) e nas correntes pedagóxicas Orff, Dalcroze e Kodally.

No 2004 crea en Padrón o Proxecto didáctico "Música na casa", mediante o que se achega o feito musical a todos os nenos e todas as nenas do concello a partir de 3 anos, coa renovación e o incremento considerábel do alumnado da Escola Municipal de Música.

Na actualidade, é o director da Banda Municipal Rosalía de Castro de Padrón, da Escola Municipal de Música e, desde o 2005, desempeña a súa función de mestre de educación musical no Colexio O Grupo de Santa Uxía de Ribeira.



**ESCOLA DE MÚSICA E BANDA ORTIGUEIRA**

Director: Carlos Diéguez Beltrán

## Historial da banda

A historia dinos que cara ao 1865 comeza a tradición das bandas de música en Ortigueira. Desde entón, o movemento das bandas foi un constante fluxo de intérpretes e agrupacións, con períodos máis álxidos e outros non tanto, mesmo coa existencia de catro bandas coetáneas no mesmo concello. Algúns nomes daquelas formacións (Banda Garrote, Banda de Reboillar, La Lira etc.) aínda soan no recordo da xente maior.

Máis recentemente, no ano 1992, o Concello creou a Banda de Música Cultural de Ortigueira que, despois dalgúns anos de percorrido e tras a súa escisión, deu paso a outras dúas bandas: a propia Banda Cultural e a Banda Escola de Música de Ortigueira.

Foi no ano 2004, cando por iniciativa do Concello de Ortigueira se volven fusionar ambas formacións nunha única banda. Créase unha praza de director e, co patrocinio do Concello, fúndase a Banda de Música de Ortigueira.

Na actualidade, compóñena 40 persoas de ampla formación musical, algunhas delas profesionais e outra gran parte estudantes de conservatorios medios e superiores, tanto en Galiza, como en Asturias ou Extremadura.

A banda planifica unha programación anual de concertos en Ortigueira, participa en distintos festivais e festas de Galiza e tamén realiza unha xira de concertos por temporada. Destacan nos últimos anos as feitas por Valencia (2005) ou Cantabria (2006).

O seu primeiro director titular foi o valenciano Vicente Mendoza Sánchez, que lle deixou a batuta desde o pasado mes de xullo ao mestre monfortino Carlos Diéguez Beltrán.

## Director

Carlos Diéguez Beltrán nace en Monforte de Lemos no 1980 e inicia os seus estudos musicais na Escola de Música de Sober, para proseguilos nos conservatorios profesionais de Ourense e nos dous da Coruña.

É licenciado en trombón de varas. Así mesmo, obtén o diploma e a licenciatura en music direction na especialidade de wind band pola A. B. of the Royal Schools of Music de Londres.

Como instrumentista, formou parte de diversas bandas, das que destaca a European Union Youth Wind Orchestra, a Banda da Trofa (Portugal), a Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas ou a Banda Artística de Merza, entre outras.

Como director titular, dirixiu a Banda de Música de Sober, a Nova Banda de Vilatuxe ou a Municipal de Guitiriz.

Como director convidado, dirixe bandas de distinta índole, como a Banda Nacional de San José (Costa Rica), a Banda Provincial Ciudad de La Habana (Cuba), a Banda Sinfónica de la Universidad de La Laguna (Tenerife) e a Banda Sinfónica do Conservatorio Profesional de Música de Ourense, entre outras.

O seu máis recente compromiso, auspiciado por Yamaha Latinoamérica, levouno a dirixir o pasado mes de outubro a Banda Sinfónica de la Facultad de Filosofía y Letras, en Bos Aires, así como a impartir xunto a relatores de USA e Brasil unhas conferencias sobre aspectos e temáticas das bandas de música no mundo. Impartiu, ademais, un breve seminario de dirección de banda no Conservatorio Superior Manuel de Falla, de Bos Aires.

Desde xullo deste ano é o director da Banda de Música de Ortigueira. Carlos Diéguez é tamén director asociado da WASBE (World Association of Symphonic Bands and Ensembles).





**BANDA DA ESCOLA DE MÚSICA DE RIANXO**

Director: Rafael Collazo Moares



## Historial da banda

A Escola de Música de Rianxo créase no verán do 2001 coas iniciativas e inqedanzas do seguinte grupo de músicos rianxeiros: Ramón Vicente, Carlos Figueira, José Fungueiriño e Rafael Collazo. Nace como un proxecto educativo para servir de complemento á educación da mocidade de Rianxo.

O seu proxecto pedagóxico baséase en clases individuais de instrumento, clases colectivas, audicións, grupos de cámara, ensaios por grupos instrumentais e ensaios xerais. Máis tarde lévase á práctica con concertos, dentro e fóra do concello.

A escola conta na actualidade con 131 alumnos e alumnas e, froito deste traballo, boa parte do seu profesorado procede da propia escola. As ensinanzas musicais que recibe o alumnado son: linguaxe musical, música activa, coro, harmonía e música de cámara. E na especialidade instrumental: frauta, óboe, clarinete, saxofón, trompeta-fliscorno, trompa, trombón, bombardino, tuba, percusión, violonchelo e piano.

Entre outras actividades, podemos destacar as viaxes a diferentes concertos educativos das bandas e orquestras seguintes: Banda de Música Municipal da Coruña, Banda Filharmónica de Galicia, Banda Sinfónica da Federación de Bandas Populares de Galiza, Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmónica de Galicia, Certame Provincial de Bandas de Música da Provincia de Pontevedra nos anos 2005 e 2007, Quinteto de Metais Canadian Brass...

Como resultado desta iniciativa cultural, xorde no ano 2003 a Banda da Escola de Música de Rianxo, formada na actualidade por 45 persoas, cuxa media de idade acadada soamente os 15 anos. Actúa por primeira vez o 1 de maio de 2003 e desde aquela data actuou en numerosos puntos da xeografía galega, tanto en festas populares como realizando intercambios de carácter cultural, entre eles o intercambio coa Agrupación Músico-Cultural de Ribadumia, a Agrupación Instrumental Solfa (Santiago de Compostela), a Banda de Música de Cee, a Banda de Música de Guitiriz, a Banda de Música de Noia, a Banda de Música de Barro, a Banda de Música de Valga, a Banda de Música Sementeira de Cambre, a Banda de Música Municipal de Santiago...

Nos anos 2004 e 2007 colaborou coa Asociación A Moreniña actuando no intercambio cultural entre as poboacións de Requejo de Sanabria (Zamora) e Rianxo.

Desde a súa creación, participa ao longo do ano nos actos organizados polo Concello: Outono Cultural, Nadal Cultural, Actos Castelao, Letras Galegas, Verán Cultural, Concertos Didácticos...

Así mesmo, ao longo do ano 2006, para celebrar o 250 Aniversario do nacemento de Mozart, organizou xunto co Concello o Ciclo de Música de Cámara Ano Mozart, baseado en 12 concertos de cámara, un por mes. No 2007 institúese o I Ciclo de Música de Cámara Primavera 2006 durante os meses de marzo, abril e maio.

En agosto de 2005, actúa no Auditorio Valero-Guzmán de Merza e en decembro dese mesmo ano realiza outro concerto no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

Asemade, colaborou co Concello de Rianxo na creación dun ciclo de bandas, onde participan ao longo de todo o verán seis bandas de música. Na clausura de cada unha das tres edicións, a banda da escola organizou uns concertos especiais:

- Ano 2005: concerto de obras orixinais para banda de música.
- Ano 2006: concerto de música de cine acompañado das imaxes das películas.
- Ano 2007: concerto para narrador e banda, coa colaboración de Belén Xestal.
- No mes de xuño de 2007, xunto coas asociacións Banda de Música de Ribadumia e o Grupo Instrumental Solfa, participa no Campamento musical "Musigalizando", que finaliza con dous concertos de bandas sonoras: no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) e na Praza do Teucro (Pontevedra).
- No mes de agosto do 2007, acode ao curso da Federación Galega de Bandas Populares.

Desde os seus comezos, o responsábel e director da banda é Rafael Collazo Moares.



## Director

Rafael Collazo Moares (Rianxo, 1978) comeza os seus estudos musicais na súa vila natal aos sete anos, da man de José España. Aos 14 prosegue a súa formación de saxofón no Conservatorio Superior de Música de Santiago de Compostela.

Asiste a clases cos mestres José Saborido, Andrés Gomis e José Tubio e a cursos con J. M. Londeix, M. Bernadet e Pablo Coello. Realiza varios cursos de dirección cos mestres Bernardo Adam Ferrero, Marcel van Bree e Xosé Carlos Seráns.

Formou parte de diversas agrupacións: Banda de Música de Rianxo, Banda de Música de Catoira, Banda Municipal de Padrón, Banda Municipal de Vilagarcía e Banda Filharmónica de Galicia.

Neste momento, é profesor de saxofón na Escola de Música Solfa. Asemade, é director da Escola de Música de Rianxo, onde tamén fai as funcións de profesor de linguaxe musical e saxofón. Tamén é director musical da Banda da Escola de Música de Rianxo.



**ESCOLA DE MÚSICA E BANDA SEMENTEIRA (CAMBRE)**

Director: Francisco Javier Vidal Suárez

## Historial da banda

A Escola de Música Sementeira comeza a súa andaina no ano 1978, na parroquia de Anceis (Cambre). Era o presidente fundador Rafael López Sánchez e dedicouse primeiramente ao ensino da gaita e do baile folclórico galego. Axiña se forma un numeroso grupo de baile e, ao mesmo tempo, moitos rapaces e moitas rapazas, coa axuda do profesorado, aprenden a tocar a gaita e forman outro grupo. As dúas agrupacións percorren a comunidade galega acadando importantes premios.

Durante dez anos seguidos, esta asociación organiza o Concurso Folclórico de Anceis, no que participan a maioría das agrupacións folclóricas galegas, tanto de baile como de gaita. Despois de renovarse a xunta directiva no ano 1992, accede ao cargo de presidente Evaristo Canosa Quintáns. Nesta data, a escola conta con máis de 700 persoas asociadas e 52 alumnos e alumnas, aproximadamente.

Anos máis tarde, a Escola de Música Sementeira amplía a súa actividade formativa de vento e percusión, con numeroso alumnado matriculado nas distintas materias, até chegar a impartir na actualidade ensinanzas de linguaxe musical, música e movemento, piano, guitarra, vento-madeira, vento-metal e percusión.

A Banda de Música Sementeira fai a súa presentación oficial en Cecebre o 27 de decembro de 1986, formada e dirixida polo recoñecido mestre Francisco Rivas Andrade. Desde a súa formación e até o ano 2000, ofreceu baixo a súa batuta numerosos concertos por toda Galiza e tamén en Asturias, Valencia e Portugal. Destaca a súa participación no programa da TVG, *Con música propia*.

Na actualidade, o número de compoñentes da Banda de Música Sementeira é de 50 e desde o ano 2001 segue a actuar en numerosos concertos por toda Galiza, dirixida por Francisco Xavier Vidal Suárez. Desde o ano 1997, Sementeira organiza o Festival de Bandas de Música de Cambre.

No ano 2004, organízase o I Concerto de Música Vocal e Instrumental, no que actúan conxuntamente a Banda de Música Sementeira, a Coral de

Santa María de Cambre, a Coral de Cecebre, o Coro Parroquial de Sigrás, a Coral O Adro de Bribes e a mezzosoprano María José Ladra.

Unha nova experiencia que xurdiu tamén no ano 2004 foi a celebración dos concertos didácticos, dirixidos ao alumnado dos colexios públicos de ensinanza primaria de Cambre. Outras actividades son os concertos de alumnos e alumnas e no ano 2005, nace a Banda Sinfónica, unha formación creada conxuntamente coas bandas de música de Sada e Vilalba, que permitiu a posibilidade de gozar e manter unha convivencia musical moi agradábel cos demais membros da agrupación, integrada por mais de cen músicos.

Ademais, a paixón pola música seguiu a impulsar o instinto creativo da escola e isto levouna á creación dunha nova agrupación, a Big Band, formada por intérpretes da banda e que non deixa de ser un desexo máis de reunión e amizade entre as persoas que a integran.





## Director

Francisco Javier Vidal Suárez nace en Arcade en 1968. Comeza os seus estudos musicais co seu pai, estudos que continuará oficialmente nos conservatorios da Coruña e Vigo. No Conservatorio de Vigo acada o título de mestre de clarinete con brillantes cualificacións: matrícula de honra no grao medio e no grao superior consegue por unanimidade o premio de honra fin de carreira.

No ano 1985 ingresa por oposición na Joven Orquesta Nacional de España (JONDE): era o primeiro galego en formar parte da devandita orquesta. É nesa agrupación onde realiza un intenso labor na música sinfónica, no traballo orquestral e na música de cámara.

Ao mesmo tempo, perfecciónase con pedagogos e instrumentistas de recoñecido prestixio como Antony Pay (Reino Unido), Walter Boykens (Bélxica), J. E. Lluna (España) Christin Ludquist (USA), Antón Weinberg (Canadá), Geraldine Allen (Reino Unido) e outros.

Coa JONDE realizou concertos por toda España e actuou en auditorios como o Teatro Real de Madrid, o Auditorio Manuel de Falla e o Palacio Carlos V de Granada, o Palau da Música en Valencia, o Teatro Arriaga en Bilbao, o Palau da Música en Barcelona e o Novo Auditorio Nacional de Madrid, entre os máis importantes. Tamén actuou en países como Bélxica, Hungría e a antiga URSS.

Formou parte de numerosas agrupacións de cámara como o Quinteto de Vento Scherzo de Arcade, do que foi fundador, o Dúo de Clarinete–Piano Alevia, o Grupo de Cámara Strawinsky, formado por antigos integrantes da JONDE, o Grupo de Cámara de Clarinetes de Vigo e a Orquesta de Cámara de Clarinetes de Beade (Vigo), da que foi director.

Foi mestre de clarinete e linguaxe musical no Conservatorio de Redonde-la, no de Viveiro e no Maieusis de Vigo. Impartiu clases na Escola de Música de Beade e na de Ponte Ledesma.

No campo orquestral foi membro da Orquesta de Cámara do Conservatorio de Vigo e clarinete solista da Orquesta Municipal da Coruña. Colaborou coa Orquesta Sinfónica de Euskadi, coa Orquesta Sinfónica de Galicia e coa Real Filharmonía de Galicia.

Foi director da Banda de Música Municipal de Viveiro desde o ano 1994 até o 2005. Con ela realizou multitude de proxectos, entre outros, a creación da Banda Sinfónica das Rías Altas, formada por músicos das distintas bandas da Mariña Lucense e o norte da Coruña. Foi o seu director desde a súa fundación en 1998.

Na actualidade, forma parte do cadro de profesorado da Banda de Música Municipal da Coruña desde 1989, na que é clarinete solista, actividade que compaxina cun intenso labor pedagóxico en diversos centros de ensinanza musical, como o Conservatorio de Grao Medio do Colexio Obradoiro e a Escola de Música Sementeira de Cambre. Realiza, ademais, un importante traballo na música de cámara con grupos como o Quinteto de Vento Coruña Quintet e o Cuarteto de Clarinetes Divertimento, formacións coas que percorre a xeografía galega ofrecendo recitais. Tamén leva a dirección da Banda de Música Sementeira de Cambre.

Acaba de realizar no 2004 un Máster en interpretación de clarinete na Universidade da Coruña cos mestres J. Luís Estellés, Michel Lethiec, Antony Pay, Henry Bok, Hans Deinzer e Meloni.





**BANDA DE MÚSICA DE CHANTADA**  
Director: José Vicente Navarro Serrano



## Historial da banda

A Banda de Música de Chantada é unha das agrupacións máis antigas da provincia de Lugo. Foi creada no ano 1865 polos irmáns Manuel e Antonio Fernández, os Ferraias, que se fixeron cargo dun pequeno grupo de músicos aos que ensinaban na súa propia casa e animaban as festas dos lugares próximos. Estes irmáns foron os que compuxeron a famosa *Muiñeira de Chantada*.

Posteriormente, Teodoro, un fillo de Manuel, tomou a dirección da banda. Ségueo Emilio Zaquín, que deixa a dirección no ano 1932. A partir desta data, a banda pasará por sucesivos cambios de director durante un longo período de tempo, con nomes como Emilio Carricoba, Pompeiro, Marcial Sanjurjo, Sapete, Beristain, Belarmino de San Fiz, José Diéguez etc.

Durante esta época, pasou por unha serie de altibaixos até chegar a finais da década dos 70, cando Faustino Fernández "Vilaseco" se interesa pola banda e encárgalle a Jesús Vázquez Lorenzo o labor de reconstruíla. Nos anos seguintes, a banda caracterizouse pola curta idade dos seus compoñentes.

A Jesús Vázquez Lorenzo sucédeno Cándido Alvarado, Manuel Gato Soengas, David Martínez Iglesias e José Baldomir. Ao longo desta etapa, a banda realiza numerosas actuacións por toda Galiza, León, Zamora, Asturias e Barcelona. Participa tamén en varios programas de radio e na Televisión de Galicia. En 1991, un músico da banda, Fernando Fafián Lemos, faise cargo da dirección e de levar a escola de música. A este relévo Samuel Pérez Llovel.

Durante este período, a banda celebra o seu 125 aniversario, ao que asisten antigos compoñentes e emigrantes. Ese mesmo ano, a Asociación da Prensa Escrita de Lugo concédelle o Premio Lucenses do Ano, con motivo da antigüidade da institución. Ao ano seguinte, grava un CD en Madrid e nese mesmo verán realiza unha viaxe a Tenerife, onde se irmanda coa Banda de Música Esperanza de La Guancha.

Desde outubro do ano 2001, toma o relevo de Samuel Pérez Jesús Nogueira Franco. Nos últimos anos, participa nos festivais de máis prestixio de

Galiza, así como nas actividades máis relevantes do concello de Chantada e organiza eventos como o Campus Musical de Verán, o Festival de Bandas, concertos temáticos e concertos didácticos.

Desde comezos de 2005 e até a actualidade, faise cargo da dirección o mestre José Vicente Navarro Serrano. Nesta nova etapa da banda, xa hai que destacar os intercambios músico-culturais realizados con bandas de fóra de Galiza, como son, a Banda de Música Municipal de Zamora, a Asociación Músico-Cultural Julián Sánchez Maroto, de Manzanares (Cidade Real), e a Banda de Música Municipal de Astorga (León), no ano 2007.

Podemos dicir que a Banda de Música de Chantada está na actualidade nun proceso de auxe canto ao número de compoñentes, número de alumnado na escola de música e, por tanto, as súas miras artísticas están medrando de ano en ano.



## Director

José Vicente Navarro Serrano nace en Llíria (Valencia). Inicia os seus estudos musicais na banda primitiva desta localidade cos mestres Leopoldo Vidal, Francisco Hernández, Rafael Tortajada e José Miguel Miñana.

Está en posesión do premio de honra de grao medio de tuba, a medalla de ouro e o premio de honra do Conservatorio de Perpignan (Francia), baixo a supervisión do mestre Melvin Culbertson.

Foi invitado aos cursos da Joven Orquesta Nacional de España (JONDE) entre os anos 1989-92, cos mestres Harvey G. Phillips, Keit Brown e Melvin Culbertson. Asistiu a cursos de especialización cos mestres Roger Bobo, Miguel Moreno, Vicente López e Joseph Basinka e de dirección de bandas con Vicente Egea.

No terreo pedagóxico, foi mestre do Conservatorio Superior de Música de Vigo e dos profesionais de Ourense, Ávila e A Coruña. Actualmente, é mestre do Conservatorio Superior da Coruña. Convidárono a impartir cursos de especialización no Conservatorio Superior de Alacante, en Astorga (León), en Sober (Lugo), en Barbadás (Ourense) e no Conservatorio Profesional de Música de Murcia.

Estreou varias obras de tuba: o *Concierto a un amigo* para tuba e piano, do compositor galego José Pérez Arias, en Segovia, co grupo de tubas Tubabut; *Laberintos*, música alegórica para doce tubas, do granadino Rafael Liñán, na praza das Pasiegas de Granada e *Tuba verum corpus*, de Ramón Ramos, na sala das columnas do Círculo de Belas Artes de Madrid.

Está en posesión do Premio de Música III Milenio (ano 2005), outorgado pola Academia Mundial de Ciencias, Tecnoloxía, Educación e Humanidades.

Dirixiu a Banda do Conservatorio Profesional de Música de Ourense durante os anos 1997-01, a Banda do Conservatorio Superior da Coruña e actualmente é director da Banda de Música de Chantada.

Colaborou coa Banda Municipal de Barcelona, a Banda Municipal de Albacete, a JONDE, a Orquesta del Gran Teatro del Liceo (Barcelona) e, desde 1997, é tuba solista da Orquesta Ciudad de León.

## Sección Segunda





**BANDA DE MÚSICA CULTURAL DE TEO**

Director: Miguel Rodríguez Barrio



## Historial da banda

Comeza esta asociación a súa actividade no ano 1989 e faino da man de Gervasio Salgueiro Estévez, que forma no solfexo e no coñecemento do instrumental a 19 rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 10 e os 16 anos.

A agrupación fai a súa presentación oficial o día 28 de marzo de 1989 na Praza do Obradoiro, en Santiago de Compostela, e desde ese día multiplícan as súas actividades por toda a bisbarra, participando en festas populares, festivais e ofrecendo diversos concertos públicos.

O ano 1991 é un ano importante nesta formación, xa que en xaneiro realiza a súa primeira gravación para a Radio Galega, e en xuño deste mesmo ano desprázase a Mollet del Vallés, onde realiza varios concertos para o Centro Galego desta localidade barcelonesa. Esta viaxe repetíraa catro anos máis tarde.

En agosto de 1995, a batuta desta entidade cambia de mans e cóllea Manuel Abelleira, que ocupará o posto de director durante tres anos. En outubro de 1998 faise cargo da dirección da banda e das clases da escola de música Lourenço da Silva Cruz.

No ano 2000 a Banda de Música Cultural de Teo realiza varias colaboracións coa TVG e coa TVE en Galicia. Neste mesmo ano, en novembro, ten lugar a primeira edición do Festival de Bandas de Música de Teo, que organiza esta agrupación cultural, e polo que ao longo das seis edicións celebradas pasaron varias das mellores bandas de Galiza.

No mes de decembro de 2001 faise cargo da dirección da banda e da escola de música Xosé Varela Pardo, cargo que desempeñará até novembro de 2005, data na que lle dá o relevo Miguel Rodríguez Barrio. A banda conta nestes momentos con preto de 50 integrantes, cunha idade media de 22 anos. Na escola de música reciben clases de solfexo e técnica instrumental.

A día de hoxe, a Banda Cultural de Teo trata de levar a cabo un traballo que lle permita acadar día a día unha mellor calidade musical, tal e como se reflicte na presentación do seu primeiro disco, gravado en novembro de 2006.

## Director

Miguel Rodríguez Barrio nace en Merza en 1974 no seo dunha familia de músicos. Comeza os seus estudos musicais na escola de música da Banda Artística de Merza da man de Ramón Guzmán e Santiago Neva Curtido.

Aos 16 anos trasládase a Santiago de Compostela para iniciar os estudos de solfexo e tuba no conservatorio desta cidade, no que recibe clases, ao tempo, de Xosé Carlos Seráns Olveira. Rematados os estudos en Santiago, trasládase a Madrid por un período de dous anos, nos que estuda con Miguel Navarro Carbonell.

Foi profesor nos seguintes centros: Escola de Música de Silleda, Escola de Música de Bandeira, Escola de Música de Merza, Escola de Música da Unión Musical de Ponte Ledesma, Escola de Música de Vila de Cruces e Escola de Música de Sober. Fundou os cursiños de vento realizados en Bandeira durante cinco anos e o Festival de Metais de Galicia.

Foi membro activo de distintas agrupacións, entre as que destacamos: Banda Municipal de Santiago, Banda Sinfónica de Galicia, Xoven Orquestra de Galicia, Quinteto Campos e Quinteto Santa Cecilia, Banda Sinfónica das Rías Altas, Banda do Deza, Orquestra da Comunidade Galega, Orquestra Sinfónica de Galicia, Agrupación Harmonía etc.

Asistiu a diversos cursos con Miguel Moreno, J. Ettenbert, Aidy Hergo, Pablo Asturiano e Styf Dumeil.

Foi director durante sete anos da Unión Musical de Ponte Ledesma. Durante o 2005 dirixiu a banda de Sober e na actualidade dirixe a Banda de Música Cultural de Teo.

Estudou dirección con Marcel van Bree. Logo realizou diversos cursiños da man de mestres como Francisco Grau (Banda Real), Jan Cober (director da Escola Europea de Dirección de Banda, en Trento) e outros máis.

Desde o ano 2000 é tuba solista por oposición da Banda Municipal da Coruña, ocupación que alterna, desde outubro de 2005, coa dirección da Banda de Música Cultural de Teo.





**BANDA DE MÚSICA POPULAR DE RUBIÓS**

Director: Rafael Pérez Dopeso



## Historial da banda

Os comezos da Banda de Música Popular de Rubiós datan do ano 1892, cando aínda As Neves era un barrio do concello de Setados. Existía un pequeno coro na parroquia e vendo as facultades das persoas que o formaban, foi Evaristo Senra quen se esforzou por conseguir o nacemento dunha banda de música. Do mesmo xeito, foi artífice da formación doutra banda dentro do concello das Neves, pero ao non ser viábel unir as dúas formacións, co tempo a Banda das Neves desapareceu.

O primeiro mestre foi Manuel de Tomás, con quen a banda medrou e chegou a actuar por toda a provincia. Así, foise desenvolvendo a historia da banda baixo a dirección de varios mestres, tales como Juan Novoa, membro dunha familia de músicos da parroquia de Rubiós. Coa declaración da guerra civil remata a primeira etapa da banda, xa que quedou sen a maior parte dos seus compoñentes; ademais, a emigración tamén contribuíu a que durante varios anos a banda deixara de existir.

No ano 1958 houbo un intento de refacer a banda por parte dos mestres e Alfonso Méndez Méndez; no 1962 intentouno José Rodríguez e no 1969 José González, mais ningunha das tentativas conseguiu o seu obxectivo.

No ano 1985, por iniciativa do alcalde das Neves, Osvaldo Lino González Pereira, e coa colaboración das veciñas e dos veciños, comézanse a impartir clases de solfexo, da man de Eugenio Méndez. Tras algún tempo de traballo, faise cargo da banda Ramón González e baixo a súa dirección faise a presentación oficial da Banda de Música Popular de Rubiós no Concello, no ano 1987. A finais dese mesmo ano, incorpórase o actual director: Rafael Pérez Dopeso. É nesta última etapa cando a banda consegue un maior desenvolvemento, non só como agrupación, senón tamén como escola de música.

A banda levou a cabo actuacións por toda Galiza e Portugal e participou en varias ocasións en diversos programas da TVG e de TVE en Galicia. Destacan as actuacións realizadas en Lisboa e en varias convencións, tales como a das Neves, a de Agolada e a de Castrelo de Cambados.

Leváronse a cabo varios concertos en colaboración coa Coral Santa María das Neves, entre os que podemos salientar os concertos de zarzuelas realizados en marzo de 2000 nos auditorios Vázquez Portomeñe das Neves e Reveriano Soutullo de Pontareas.

Por último, participou en todas as edicións do Certame Provincial de Bandas Populares, organizado pola Deputación de Pontevedra, onde acadou durante os anos 2002, 2003 e 2005 terceiros premios na segunda categoría.





## Director

Rafael Pérez Dopeso nace en Coruxo en 1966. Comeza a súa andaina musical como compoñente da Banda de Música Unión Musical de Coruxo. Realiza os seus estudos musicais no Conservatorio Superior de Música de Vigo e no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Durante estes anos, forma parte da Banda de Música do Goberno Militar de Vigo e da Banda de Música do Goberno Militar da Coruña e colabora, ademais, coa Banda Sinfónica de Galicia en varias ocasións. Forma parte tamén da Xove Orquestra Sinfónica de Galicia.

Completa a súa formación musical como instrumentista asistindo a varios cursiños co trompeta solista da Orquesta Nacional de España e con Enrique Ferrando Sastre.

No ano 1987 acada a titulación de tuba co profesor José Vicente Simeó Máñez. En outubro dese mesmo ano faise cargo da dirección da Banda de Música Popular de Rubiós e cinco anos máis tarde asume tamén a dirección da Coral Santa María das Neves.

No ano 1993 comeza a facer unha serie de colaboracións como reforzo da Banda Municipal da Coruña. Nesta súa faceta como instrumentista toca baixo a batuta de prestixiosos directores, tales como Miguel Sacristán Ramos, Adonis Ferreiro, Indalecio Fernández Groba e Enrique García Asensio.

No ano 1996 encárgase da dirección da Masa Coral do CSCR de Beade e, dous anos máis tarde, comeza o seu labor como director da Escola de Música Municipal das Neves.

Na actualidade, ademais de dirixir as agrupacións anteriormente citadas, é profesor no Conservatorio de Música Reveriano Soutullo de Pontearreas.



**BANDA DE MÚSICA DO CONCELLO DE BARBADÁS**

Director: José Manuel Dopazo Grande

## Historial da banda

Herdeira das desaparecidas Bandas de Música de Sobrado do Bispo e Bentraces (1915-1962), renace en 1995 a Banda de Música do Concello de Barbadás. Máis de 60 persoas, case todas menores de 25 anos, compoñen actualmente este colectivo, que dirixe José Manuel Dopazo Grande.

Desde a súa creación, actuou en multitude de concertos en Galiza, Asturias, Castela, Valencia, Andalucía e Portugal. Tamén realizou diversas actuacións para a Televisión de Galicia e a Televisión Española.

A banda forma parte da Federación Galega de Bandas de Música Populares. Editou en 1997 un primeiro disco, baixo o título de *Cultura 1915-1996*, e no 2005 un segundo CD, baixo o título de *Novo milenio*.

Entre as actuacións máis destacábeis desta banda están os concertos e desfiles en festivais en Santiago, Ourense, Vigo, A Coruña, A Rúa, Chantada, Pontevedra, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Ribadavia, O Grove, Verín, Maceda, Cangas, Padrón, Vilalba, Vilagarcía de Arousa, Tui, As Pontes, Viana do Castelo, Monçao, São Julião de Freixo, Valença do Minho, São João de Braga, Fafe, Bragança, Vilaverde, Oviedo, Huelva, Valencia e Zamora.

Este colectivo musical forma parte da Asociación Cultural Música e Cultura de Galicia, presidida por Justo Calviño Cruz. A asociación tamén conta cunha banda infantil, un grupo de majorettes, grupo de guitarras e diversos grupos de cámara.

## Director


José Manuel Dopazo Grande comeza a súa traxectoria musical no Conservatorio Profesional de Ourense aos 11 anos na especialidade de saxofón. Realizou cursos de saxofón cos profesores Jean Michel Goury, Manuel Miján, Andrés Gomis, José A. Santos, Miguel Garrido, Josetxo, Narciso Pillo, Rafael Yebra, Juan Carlos Mazás e Pablo Coello. Actuou como saxofón invitado na Orquestra Sinfónica da Escola de Viana do Castelo e na Banda Sinfónica Minho-Galaica. Realizou unha xira de concertos promovidos polo Injuve no Cuarteto de Saxofóns Saxagerados e foi seleccionado para participar no I Ciclo de Xoves Concertistas, que organizou o Concello de Ourense.

Recentemente, colaborou como saxofón convidado coa Xove Orquestra Sinfónica de Galicia, baixo a dirección de James Ross. Completa a súa formación con cursos realizados con prestixiosos profesores como Bridget de Moura Castro, Agustín Charles Soler, Jos Wuytack, Félix Sierra, Jan Cober, Miguel Ángel Martínez e Marcel van Bree.

Con 18 anos iníciase na dirección de bandas de música e nestes momentos ocupa o posto de director da Banda de Música do Concello de Barbadás, da Banda de Música Municipal de San Cibrao das Viñas e da Banda Infantil de Barbadás.

Tamén foi profesor de música e movemento na Escola de Música Municipal de Allariz e no Colexio Público Filomena Dato e director da Escola de Música de Barbadás desde o 2004 até o 2007. Ademais, dirixe a Coral Polifónica Santa Mariña, de Xinzo de Limia. Ocupa actualmente o posto de director da Escola de Música de San Cibrao das Viñas.





**BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE VALGA**

Director: Manuel Villar Touceda



## Historial da banda

A escola de música comeza a súa andaina en setembro de 1995, con 50 alumnos e alumnas e 2 profesores. Impártense as clases de linguaxe musical e música e movemento. No curso 1996-97 incorpórase novo persoal docente para impartir as especialidades de óboe, frauta traveseira, clarinete, saxofón, trompeta, trompa, trombón, bombardino-tuba e percusión. No curso 1997-98, a escola segue a crecer até chegar ás 80 persoas. Neste ano, tamén comeza a funcionar a aula de música de cámara. No curso 1998-99 créase a aula de conxunto instrumental e a banda de música fai a súa presentación o 17 de maio de 1999.

No curso 1999-00, a escola colabora na creación da Big Band e no Coro Feminino da Asociación Galega de Escolas Municipais de Música. Participa no VI Festival Xoves Músicos Europeos organizado pola EMU en Trondheim (Noruega), en maio de 2000. Realiza con estas agrupacións unha xira de concertos por toda Galiza no mes de xullo. No curso 2001-02, a Big Band participa no V Festival de Xoves Músicos Europeos organizado pola EMU en Suíza, en maio de 2002.

No curso 2002-03, a aula de conxunto instrumental comeza coas clases colectivas dos nenos e das nenas máis novos da escola de música, que xa están a tocar os instrumentos con idades entre os oito e os 11 anos. Créase así a Banda Infantil, dirixida polo profesor de saxofón da escola de música, Diego García Morales. Na actualidade, diríxea o profesor de trombón Carlos Cabaleiro López.

No curso 2003-04 comezan a dar resultados moi positivos as clases do departamento de piano complementario e comézanse a impartir as clases de canto. No curso 2004-05 trabállase coas agrupacións de cámara nas distintas especialidades instrumentais, a banda de música grava o primeiro CD e viaxa a Bos Aires (Arxentina).

No curso 2005-06, na aula de conxunto instrumental comezan os ensaios para a creación dunha nova agrupación: unha gran banda de jazz que marca un novo estilo de música na escola. Sae tocar por primeira vez en decembro de 2005 en Caldas de Reis e Valga, dirixida por Manuel Villar Touceda.

Na actualidade, a escola conta con 11 persoas canto ao profesorado, 120 alumnos e alumnas e os grupos instrumentais de frautas, óboes, clarinetes, saxofóns, trompetas, trompas, vento-metal grave, vento-metal, percusión, grupo Orff, Banda de Música e Big Band.

Desde a súa presentación no ano 1999, participou en diversos festivais e certames destacando os celebrados celebrados en Valga, Barro, Ribadeo, Ribadumia, Portomarín, Castrelo, Vilagarcía, Negreira, Pontevedra, Caldas de Reis, Zaragoza e Bugos e os campamentos de verán realizados en Ourense, Lugo, Luarca, León, Zamora e Palencia.

Entre os premios acadados por esta banda, cómpre destacar:

- V Certame Provincial de Bandas de Música, Deputación de Pontevedra, 2005, 3º premio na sección terceira.
- I Certamen Nacional de Bandas de Música Villa de Magallón, Zaragoza, setembro de 2006, 3º premio.
- VI Certame Provincial de Bandas de Música, Deputación de Pontevedra, outubro de 2006, 2º premio na sección terceira.
- VII Certame Provincial de Bandas de Música, Deputación de Pontevedra, outubro de 2007, 1º premio e mención de honra na segunda sección.



## Director

Manuel Villar Touceda nace en Valga (Pontevedra) o 5/11/1969. Con 15 anos pasa a formar parte da Banda de Música Municipal de Padrón como trompeta. Estuda o primeiro curso de música no Conservatorio Superior de Santiago; máis tarde estuda no Conservatorio Superior da Coruña, en Madrid e en Vigo. Acada o título superior de trompeta no Conservatorio Superior de Santiago coas máis altas cualificacións.

Recibe clases dos mestres Justino Prieto, José Vicente Simeó, José Ortí, Enrique Rioja, e Benjamín Moreno. Estuda pedagogía musical cos mestres Tomás Rábanos, Ana M<sup>a</sup>. Navarrete, Susa Herrera, Tomás Marco, Fernando Palacios e Jos Wuytack. Realiza dirección de banda con Adám Ferrero e Henri Adams e orquestración con Samuel Adler.

Traballa e colabora coa Banda de Vilagarcía, a Banda da División Guzmán El Bueno (Sevilla), a Banda Sinfónica de Galicia, a Banda Municipal da Coruña, a JONDE, a Orquestra Sinfónica de Galicia e a Orquesta e Coro de RTVE etc.

Traballa como profesor de vento-metal na Escola de Música Municipal de Caldas de Reis e como profesor de trompeta no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Na actualidade é o director da Escola e Banda de Música Municipal de Valga, presidente da Sociedade Cultural Banda de Música Municipal de Padrón, vogal da Asociación Galega de Escolas Municipais de Música e profesor de música en secundaria.



## AGRUPACIÓN MÚSICO-CULTURAL DE RIBADUMIA

Director: Víctor Manuel Fernández Vázquez

## Historial da banda

A Agrupación Músico-Cultural de Ribadumia fundouse no ano 1998 co alumnado da Academia de Música de Ribadumia, que viña recibindo clases desde o ano 1995. Para sacarmos adiante esta agrupación, nunca esqueceremos a estimábel axuda económica do pobo de Ribadumia, sobre todo das persoas maiores. Actualmente, recibe unha subvención do Concello de Ribadumia.

No ano 2005, a agrupación traspasoulle a súa escola de música, cos seus 80 alumnos e alumnas e o seu profesorado, á Escola de Música do Concello de Ribadumia, que está dirixida por Fernando Cancelo Pardo. Nesta escola, o alumnado recibe clases de instrumento. A idade dos compoñentes da banda de música da agrupación vai desde os oito aos 25 anos. Nestes momentos, o director da banda é Víctor Manuel Fernández Vázquez.

A agrupación está acollida ao Plan cultural da Deputación Provincial de Pontevedra desde o ano 1999, na sección de bandas de música, e tamén pertence á Federación Galega de Bandas de Música Populares desde o ano 2002.

A súa andaina comeza o 22 de novembro de 1998. Participou en diversos festivais de bandas, como Barro, Meaño, Ribadumia, O Sixto, Caldas etc. Ao mesmo tempo, organiza todos os anos o seu propio Festival de Bandas Xuvenís. Ao longo do ano fai numerosas actuacións en concellos de vilas de Galiza. Fai tamén intercambios musicais con bandas de música do resto do Estado. Nos anos 2005 e 2006 participou no V e VI Certame Provincial de Bandas de Música da Deputación de Pontevedra, onde acadou dous terceiros premios na segunda sección.

Neste ano 2007 está a colaborar no programa da Dirección Xeral de Xuventude, "Musigalizando". Conta cun repertorio amplo e variado de temas clásicos, populares e de autores galegos, así como temas actuais e bandas sonoras adaptadas para bandas de música.

A súa filosofía non é a dunha banda de música comercial, senón a de promover a ensinanza musical para que esta chegue a todos os nenos e todas as nenas de Ribadumia e arredores.

## Director

Víctor Manuel Fernández Vázquez nace en Corvillón (Cambados). Comeza os seus estudos musicais con oito anos na escola de música da desaparecida Banda de Música Municipal de Vilanova de Arousa, da man dos irmáns Ricardo e Rodrigo Trinidad. Deseguido, pasa a formar parte da banda como trompeta solista, para tempo despois desenvolver as funcións de profesor e subdirector. Realiza cursiños con distintos mestres, tanto de ámbito nacional como internacional, entre os que destacamos a Ricardo Trinidad, Jim Littleford, Maximino Boga, José Rodríguez, Benjamín Moreno etc.

No ano 1999 remata os seus estudos de grao superior na especialidade de trompeta no Conservatorio Superior de Música de Santiago de Compostela e obtén a cualificación de sobresaliente. Durante o curso 2000-01, realiza prácticas de dirección co mestre Marcel van Bree e, durante o ano 2003, recibe clases de dirección co mestre Xosé Carlos Seráns. Nos últimos anos realiza distintos cursiños de formación permanente do profesorado.

Colabora con diversas agrupacións de bandas de Galiza. Destaca a súa participación na Banda Municipal de Vilagarcía de Arousa, na Banda Filarmónica de Galicia, na Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares, na Banda Municipal da Coruña, na Banda Municipal de Pontevedra, na Banda de Música da Escola Municipal de Catoira e na Banda Municipal de Santiago de Compostela. Con esta última banda participou na gravación dun disco.

No ano 1999 participa no VII Festival Europeo para Novos Intérpretes, na localidade portuguesa de Gaia, coa Orquestra do Conservatorio de Santiago de Compostela.

Foi membro fundador de varios quintetos, entre os que destacan o Quinteto Santa Eulalia, co cal acadou o 2º premio da Xunta de Galicia no Concurso de Grupos de Cámara, e o Quinteto de Metais Samaín, ao que pertence na actualidade e co que realizou concertos didácticos en numerosos institutos e colexios de toda Galiza.

Na actualidade, dirixe a Banda de Música da Agrupación Músico-Cultural de Ribadumia, coa que acadou o 3º premio, na 2ª sección, no V e VI Certame de Bandas da Deputación de Pontevedra e o 2º premio no ano 2007 na mesma sección.

Desde o ano 1999, imparte clases de música nos colexios Virxe Milagrosa de Bueu e Sagrada Familia de Aldán. Tamén imparte clases na Escola de Música Solfa, en Santiago e na Escola Municipal de Música de Ames.

Como mestre de trompeta, exerceu en diferentes escolas: na Escola Municipal de Cambados, na Escola de Música de Bueu, no Conservatorio Martín Millán de Vilagarcía de Arousa, na Escola de Música do Concello de Ribadumia e na Escola Municipal de Música de Ames.



**BANDA DE MÚSICA XUVENIL DE XINZO**  
Director: Álvaro Varela Ferradáns

## Historial da banda

Aínda estaba presente na memoria da veciñanza o recordo das dúas bandas que houbera en Xinzo a principios e a mediados do século XX, cando no ano 1979 rexurdiu de novo o espírito musical. Deste xeito, un grupo de xente nova iniciábase na arte da música da man do mestre José Guillén Lorenzo. No ano 1981 constituíase a Banda de Música Xuvenil de Xinzo.

Cómpre destacar que foi a segunda banda con carácter xuvenil que se formou no país e que sinalou o comezo dunha nova concepción deste tipo de agrupacións en Galiza. En 1984 toma a batuta Bolívar González Rodríguez. A Banda de Música Xuvenil de Xinzo inicia así un novo período, aumenta o número de compoñentes, iníciase a participación nos conservatorios e dótase de diferentes instrumentos como tubas, bombardinos, óboes, barítonos e timbais. Fórmase nesta agrupación a primeira muller que foi instrumentista de tuba.

No ano 1985 participa no concurso *Gente joven* de TVE e durante a viaxe realizada a Madrid para a gravación do programa, a banda estrea baixo a batuta de J. Carracedo o pasodobre *Homenaje a Garzón Cidanes*. É esta a época máis brillante da banda e participa en numerosos certames. Obtén o primeiro posto da categoría xuvenil no certame celebrado en Cangas do Morrazo. Participa tamén no I Congreso de Musicoloxía de Vilanova de Cerveira (Portugal). Celebra actuacións conxuntas coa Coral do Centro Artístico Sportivo de Ponteareas, ten unha extraordinaria acollida e mesmo realiza a primeira gravación para a Radio Galega.

En 1987 visita Lisboa para dar tres concertos e no mesmo anoponse en marcha un intercambio coa Banda de Música La Artística de Monovar (Alacante), que se repite ao ano seguinte e no 2005.

No remate dos oitenta, toma a batuta Sergio Hurtado Carrascosa, clarinetista da Banda Militar de Marín. O seu período á fronte da banda foi breve e axiña o relevaría Antonio Budiño Durán. Nos dous anos que estivo como director, tratou de darlle unha maior especialización e consistencia á escola de música e promoveu un novo intercambio coa Banda La Unión de Castellar Oliveral, en Valencia.

Na década dos noventa, a asociación sofre unha perda notábel de xente, que abandona por distintos motivos, o que supón un duro golpe. Neste momento, colle a batuta Bolívar González. Lévese a cabo un intercambio coa Banda de Ribadeo, viáxase a Santander, participábase no programa da TVG *Galicia directa* en dúas ocasións e no programa-concurso *Con música propia*, organizado pola Consellería de Cultura e a TVG. Realízase a segunda gravación para a Radio Galega, que sería editada e distribuída polo xornal *O Correo Galego*. Hai que subliñar que moitos membros desta banda acabaron por dedicarse profesionalmente á música.

Merecen atención as actuacións realizadas en Portugal, no Festival Ibérico da Cidade de Tomar e na localidade de Cortes (Reixida). Repítese experiencia na TVG na segunda convocatoria do concurso *Con música propia*. Participábase en numerosos certames como o de Cangas, o de Chantada, o de Castrelo de Cambados... No ano 2005, acádase o 3º posto no V Certame Provincial de Bandas de Música da Deputación de Pontevedra.

Desde finais do ano 2006, a banda está dirixida por Álvaro Varela Ferradans, profesor de trompeta no Conservatorio Profesional de Música Reveriano Soutullo de Ponteareas e, canto á escola de música, conta cunha gran cantidade de alumnos e alumnas que pronto pasarán á agrupación como o fixeron antes as 50 persoas que forman esta banda. Obrigado é mostrarmos a nosa gratitude aos pais e ás nais no seu esforzo e a todas as persoas e directivos que viñeron prestando a súa colaboración para facer posíbel chegarmos até aquí.





## Director

Álvaro Varela Ferradáns nace en Vigo en 1978. Por motivos familiares, aos oito anos trasládase a vivir a Merza, onde comeza os seus estudos musicais na Escola de Música da Banda Artística de Merza. Máis tarde comezará tamén estudos oficiais no Conservatorio Superior de Música de Santiago de Compostela, onde obterá no 2001 o título de profesor superior de trompeta.

Recibiu clases e cursos de trompeta de instrumentistas da categoría de Luis González, José Rodríguez, Benjamín Moreno, Javier Simó, Maurice André, Eric Aubier, Hakan Hardenberger... Tamén recibiu cursos e asistiu a clases de formación vocal e auditiva, conxunto coral, dirección coral, e de banda de música de Miro Moreira, Sally Allbought, Marcel van Bree... Ademais, Álvaro Varela é licenciado en economía pola Universidade de Santiago de Compostela e posúe o título do Curso de adaptación pedagóxica, impartido pola mesma institución.

Como trompetista, forma parte e colabora con gran variedade de agrupacións, como a Banda Artística de Merza, a Banda Municipal de Santiago, a Banda Sinfónica de Galicia, a Banda Sinfónica do Deza, a Banda Filarmónica de Galicia, a Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares, a Orquestra de Cámara Galega, a Orquestra Clásica do Deza, o Grupo de Metais de Galicia, o Quinteto de Metais Merza Brass...

Traballou como profesor en distintos centros como a Escola de Música de Vila de Cruces, a Escola de Música de Teo, o Conservatorio de Ponteareas, centros públicos de educación secundaria etc. Outras facetas súa foi a de director da Coral San Salvador de Camanzo. Así mesmo, creou e arranxou varias obras para coro e quinteto de metais.

No 2004 ingresa mediante oposición no corpo de profesorado de música de educación secundaria. Actualmente é profesor de música no IES Poeta Añón da Serra de Outes, profesor de trompeta no Conservatorio Profesional de Música Reveriano Soutullo de Ponteareas e director de Banda de Música Xuvenil de Xinzo.

## Sección Primeira





**BANDA DE MÚSICA DE SALCEDO**  
Director: Fernando Raña Barreiro



## Historial da banda

A Banda de Música de Salcedo nace no ano 1988 por iniciativa da Asociación Músico-Cultural San Martiño, baixo o asesoramento musical e a dirección artística do mestre Vicente Paniagua Conejero. Paralelamente, creouse a escola de música, que se centraría na preparación musical do alumnado até que en maio de 1992, agora baixo a dirección de José A. Rey Alonso, a Banda de Música de Salcedo fai a súa presentación oficial nas festas parroquiais de Santa Rita.

A comezos do ano 1997, a dirección pasa a cargo do mestre José Manuel Collazo Verde, que estará á fronte da agrupación durante cinco anos, período no que a banda colleita grandes éxitos musicais e gaña un posto destacado dentro da realidade das bandas galegas. Desde o ano 2002 e até finais do 2006, a Banda Municipal de Salcedo foi dirixida polo mestre Luís A. González Amosa, que consolida a traxectoria da agrupación. Desde novembro de 2006, a Banda de Música de Salcedo está dirixida polo mestre Fernando Raña Barreiro.

Alén das nosas fronteiras, destacan as actuacións ofrecidas nos municipios portugueses de Barcelos, Trofa e Tomar nos anos 1999, 2000 e 2002, esta última enmarcada na celebración do V Festival Internacional de Música dos Templarios. Cómpre sinalar tamén a participación nos festexos do Día da Comunidade Galega en Alcobendas, así como a actuación no auditorio da cidade de Parla, en Madrid, no ano 2000. E en agosto de 2006 actúan no Festival de Bandas de Música Villa de Luarca, en Asturias.

Tamén é de destacar a súa participación como banda invitada no V Certame Provincial de Bandas de Musica da Deputación de Pontevedra, en 2005.

## Director

Nace en Pontesampaio (Pontevedra) en 1970. A moi curta idade comeza a ter contacto coa música e pronto centra o seu interese na frauta traveseira, motivo polo cal se traslada a Madrid, onde remata os seus estudos no conservatorio desta cidade coas máximas cualificacións (1988).

Posteriormente estuda con Magdalena Martínez, profesora coa que conseguirá o performers diplomation da Guilhald School. En 1993 é bolseiro polo Festival Internacional de Música y Danza Manuel de Falla de Granada e en 1997 obtén unha mención honorífica no Torneo Internacional de Música (Zaragoza). Un ano máis tarde accede á semifinal do Concurso Internacional María Canals. Como complemento á súa formación, tamén recibe clases dos profesores Alain Marion, Nicolas Brochot e Kate Hill (convidado pola Joven Orquesta Nacional de España).

Colaborou con formacións como a Orquesta Clásica de Vigo, a Xoven Orquesta de Galicia, a 1ª Orquesta de Altos Estudos Musicais do IGAEM (profesor de vento-madeira), a Orquesta Sinfonietta, a Orquesta Lírica Nacional, a Orquesta Internacional del Festival de Murcia, a Orquesta de Cámara do Festival Mozart, a Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias, a Orquesta Sinfónica de Galicia etc.

En 1992 aproba as oposicións ao corpo de profesores de Conservatorio do MEC e, despois de realizar o seu traballo pedagóxico en Xixón e A Coruña, actualmente é profesor do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Compaxina esta actividade coa de interpretación, sobre todo nos concertos que realiza co guitarrista Román González (Dúo Raña-González). Con el gravou dous cedés de música orixinal para frauta e guitarra, escrita no século XX. En 2008 editará a *Integral para frauta e continuo* de J. S. Bach con motivo do 20 aniversario do Dúo Raña-González. Actualmente estuda dirección con Marcel van Bree e en datas recentes foi nomeado director da Banda de Música de Salcedo (Pontevedra).





**BANDA UNIÓN MUSICAL DE MEAÑO**

Director: David Fiúza Souto



## Historial da banda

Cara ao ano 1830, na parroquia de Xil, concello de Meaño, e baixo a dirección e organización de Benito Barreiro, naceu unha pequena agrupación musical formada polo citado director, cinco fillos e varios veciños da parroquia. Así naceu esta banda, que é unha das máis antigas de Galiza, con máis de 150 anos de historia.

A agrupación sucedeu de pais a fillos até 1890, cando xa se consolidou como Banda de Música de Meaño, xa que até daquela era coñecida como Banda de Xil.

Durante os seguintes 70 anos pasaron diferentes directores, como Manuel Barreiro, José García Quinteiro, Daniel González Méndez, Eliseo Lopo García, Andrés Blanco Rebornecho, Andrés Fiúza, Juan Moldes e José Dorado. O éxodo de emigrantes a América rematou desfecendo a banda, que entrou nunha paréntese de inactividade que duraría máis de 20 anos.

Sería en 1980 cando o Concello de Meaño decidiu crear unha escola de música para intentar formar unha nova banda. Faise cargo da escola Manuel Lores Besada, que podemos dicir que foi o pai desta nova banda. Así, o 25 de agosto de 1985, a Banda Unión Musical de Meaño realizou a súa primeira actuación.

En 1988, Manuel Lores cédelle a batuta a Remigio Santacruz Pérez e posteriormente a este colleríaa Vicente Masmano Ortiz.

En 1990 colle as rendas Esteban Valverde Corrales e con el comeza unha nova etapa, onde se crea unha asociación cultural guiada por unha xunta directiva, co obxectivo de potenciar a banda e ampliar a escola de música con novo profesorado. Cómpre destacar a organización anual, no mes de abril, do Festival de Bandas de Música. Este festival foi o punto de inicio de todos os festivais de bandas que se celebran por toda xeografía galega e, sen dúbida ningunha, o que máis prestixio ten, sobre todo pola súa organización. En 1997 colle a dirección Francisco García Hurtado.

Esta banda foi seleccionada para participar no I e II Certame de Bandas da CRTVG e quedou entre as cinco primeiras. Cómpre sinalar tamén a participación asidua da banda en festivais e certames en Galiza e Portugal e o seu primeiro lanzamento discográfico, realizado en marzo de 1997.

En novembro de 1999 é elixido director Francisco Javier Morgade Dobaño e con el comeza unha nova etapa coa creación dunha asociación cultural e a ampliación da escola de música. Deste xeito, o Concello de Meaño preparou unhas novas instalacións dignas desta banda e para uso exclusivo da Asociación A Casa da Música, co obxectivo de potenciar a escola de música, onde máis de 140 rapaces e rapazas cimentan as bases da banda.

Entre os premios acadados nesta nova etapa, cómpre destacar os seguintes:

- 3º premio, na sección segunda, no I e II Certame Provincial da Deputación de Pontevedra, no ano 2001 e 2002, respectivamente.
- 2º premio, na sección primeira, no IV Certame Provincial da Deputación de Pontevedra, no ano 2004.
- 2º premio, na sección segunda, no Certamen Internacional de Bandas de Música Ciudad de Valencia, no ano 2005.
- 1º premio e mención de honra, na sección primeira, no V Certame Provincial da Deputación de Pontevedra, no ano 2005.
- 2º premio, na sección primeira, no VI e VII Certame Provincial da Deputación de Pontevedra, nos anos 2006 e 2007.

Finalmente, despois de sete anos de traballo, F. Javier Morgade deixa a dirección da banda e pasa a ser elixido como novo director o mozo compositor e clarinetista David Fiúza Souto, co que se esperan acadar as cotas máis altas desta agrupación musical.



## Director

David Fiúza Souto naceu en Vila de Cruces o 6/2/1985. Comezou os seus estudos musicais na Escola Municipal Artística de Merza aos 12 anos. Son dous os mestres, titores e amigos que o impulsan e que lle marcan unha profunda influencia: Xosé Casal Sueiro e Marcel van Bree.

Aos 13 anos empeza a estudar clarinete en Merza con José Ramiro Varela Ferradáns. Remata o grao medio de clarinete no Conservatorio Profesional de Lalín con Marcel van Bree. Asistiu a moitos cursos de clarinete con W. Boeykens, Marcel van Bree, V. Alberola, J. Ferrer, Manuel Juan López, Lars Wouters, Cuarteto Di Baseto, Asterio Leiva, Braulio Cao, Javier Vidal, César Martín Quesada etc.

Tocou na Banda Sinfónica do Deza, na Banda Filharmónica de Galicia, na Banda Sinfónica da Federación Galega, na Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais, na Banda Municipal de Pontevedra etc.

Desde os 15 anos, estuda dirección con Marcel van Bree. Asiste tamén a cursos con Jan Cober, Pascual Villaplana, García Asensio e Vicente Egea. Tivo oportunidade de dirixir en diferentes bandas como subdirector ou como invitado: Banda Artística de Merza, Banda Municipal de Silleda, Banda de Música de Sober, Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla e algunhas máis.

Desde os 16 anos, interesouse pola composición. Estuda harmonía, contrapunto e instrumentación de forma practicamente autodidacta, co primeiro apoio do mestre Jordi Villarroya Traver. Ten varias composicións para banda, gravadas en cedés e tamén encargos. En 2004, a Banda Municipal da Coruña estrea a súa obra *Tres imaxes de Mudga*, que será obrigada no certame de Pontevedra, na primeira sección, no ano 2006.

Traballou como profesor de linguaxe musical, clarinete e banda xuvenil nas escolas de Merza, Silleda, Santa Cruz de Ribadulla e Touro.

Actualmente, estuda dúas especialidades de grao superior no Conservatorio Superior de Vigo: clarinete e composición. En febreiro de 2007 elíxeno director da Banda Unión Musical de Meaño, onde tamén é profesor na Escola Municipal de Música.



**BANDA DE MÚSICA XUVENIL DE BARRO**

Director: José Varela Pardo



## Historial da banda

A Asociación Cultura e Xuventude de Barro constitúese o 7/12/1992. A xunta directiva está formada na actualidade por un grupo de xente moza comprometida coa cultura tradicional das bandas de música deste país, que día a día demostran o seu compromiso e a súa sensibilidade pola promoción da nosa cultura. Esta asociación leva adiante un intenso labor co desenvolvemento dunha programación formada por diferentes actividades dirixidas aos veciños e ás veciñas de Barro e de Galiza en xeral.

A asociación crea a Banda de Música Xuvenil de Barro no ano 1992, promovida por un grupo de pais e nais. Neste momento, a banda está formada por 60 persoas cuxa idade media é de 19 anos. Entre os premios máis destacados, contan cos seguintes:

- 2º premio, da sección terceira, no II Certame Provincial de Bandas de Música, organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra (2002).
- 2º premio, da sección segunda, no III Certame Provincial de Bandas de Música, organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra (2003).
- 2º premio, da sección primeira, no IV Certame Provincial de Bandas de Música, organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra (2004).
- 3º premio no V Certamen Internacional Villa de Aranda (Burgos) (2004).
- 2º premio, da sección segunda, no Certamen Internacional de Bandas de Música Ciudad de Valencia (Valencia) (2004).
- 1º premio, da sección primeira, no VI Certame Provincial de Bandas de Música, organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra (2006).
- 1º premio e mención de honra, no VII Certame Provincial de Bandas de Música, organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra (2007).

Durante os últimos anos, a Banda de Música Xuvenil de Barro acadou unha traxectoria admirábel, que responde a un espírito de traballo e supe-

ración que tanto músicos como director están demostrando. Comparten un proxecto común, mellorar o nivel artístico da banda de música e, tendo a música como denominador común, fomentar a convivencia e a cultura popular de Galiza.

Son innumerábeis os proxectos e actividades organizados pola asociación. Cómpre destacar a participación na organización anual do Festival de Bandas de Música, nos concertos do alumnado da escola de música, nos concertos didácticos nos centros docentes do concello de Barro e na celebración do Día da Música. Actuou en diversos programas na Televisión de Galicia en 1995, 1998 e 2001.

Un dos principais proxectos que levou a cabo a Banda de Música Xuvenil de Barro foi a xira Auditorium, que este ano acadou a súa segunda edición, proxecto que pretende achegar as bandas de música aos escenarios máis importantes do país.

A actividade musical da banda tamén se reflicte en concertos, certames e festas populares, con numerosas actuacións en diferentes concellos e poboacións da comarca, provincia de Pontevedra e Galiza en xeral.

O financiamento dos proxectos da asociación baséase nas achegas económicas e no traballo das persoas socias e do alumnado da escola de música e da banda. Puntualmente, colaboran empresarios, a veciñanza, comerciantes e xuntas de montes do concello de Barro e comarca. Tamén conta con subvencións e axudas do Concello, da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia. O conxunto de todo isto fai posíbel que o futuro desta agrupación estea garantido.

O primeiro director co que contou a banda de música foi José Bugallo Senra, que despois foi substituído por Milagros Valiño Ferreiro, Manuel Martínez Villar e Daniel Portas González. Desde setembro de 2005, dirixe a banda José Varela Pardo.



## Director

José Varela Pardo nace en Merza no ano 1982 e comeza os primeiros estudos de tuba na Escola Municipal de Merza. Os seus primeiros mestres son Xurxo Guzmán e José Casal Sueiro. Continúa os seus estudos con Miguel Rodríguez Barrio e ao ano seguinte entra a formar parte da Banda Artística de Merza.

Estudou nos conservatorios de Lalín, Tui e Santiago de Compostela, onde obtivo o título de mestre de tuba.

Asiste a varios cursos con diversos mestres como Xosé Carlos Seráns Olveira, Petur Eiriksson, Vicente Castelló, David Llacer, Benjamín Moreno, Luís Pablo, Esteve Cambell e, ademais, asistiu a clases con Jacomo Barros, Chis Lee, Mel Culbertson, Harvey Phillips etc.

No ano 2000 entra na Joven Orquesta Nacional de España (JONDE) e na Xove Orquesta Sinfónica de Galicia como alumno activo, coa que realiza varias xiras por Galiza e Valencia. Durante este mesmo ano, desenvolve unha grande actividade de concertos como solista, acompañado ao piano por Paula Gago. Gaña así o concurso de novos intérpretes Teresa Berganza e o segundo premio no concurso de solistas celebrado en Vigo.

Desde o ano 2003 asiste a clases de tuba con José Manuel Redondo e con David Llacer.

Colaborou ademais coas seguintes agrupacións:

- Quinteto de Metais Merza Brass
- Quinteto de Metais Galicia Brass
- Agrupación Musical Harmonía
- Banda Filharmónica de Galicia
- Banda Sinfónica de Galicia

Actualmente colabora coas orquestras:

- Orquesta Sinfónica de Galicia
- Orquesta Ciudad de Granada
- Real Filharmonía de Galicia
- Orquesta Pablo Sarasate de Pamplona
- Orquesta Sinfónica de Extremadura

Traballou ás ordes de prestixiosos directores como Javier Viceiro Filgueira, Johan de Meij, Marcel van Bree, Víctor Pablo Pérez, Xosé Carlos Seráns, James Ross, Maximino Zumalave, Gloria Isabel Triano, Carl Davis, Michael Gilbert, Álvaro Albiach, Josep Pons, Antoni Ros-Marbà etc.

Como director, conduciu varias agrupacións, como a Banda Artística de Merza, a Banda Sinfónica do Deza, a Banda Municipal de Pontevedra, a Banda Cultural de Bandeira, a Banda Escola Municipal de Sanxenxo e a Banda Cultural de Teo. Tamén asistiu a varios cursos de dirección de banda e orquesta con Johan de Meij, Marcel van Bree, James Ross e Michael Gilbert. Nestes momentos é o director máis novo de Galiza.

Como mestre de tuba, impartiu clases nas Escolas de Música de Teo e Valga e na Escola Municipal de Sanxenxo e foi convidado para dar cursiños en Vigo, Asturias e León. Tamén imparte clases de tuba en Merza, Vila de Cruces e Toroso.

Actualmente colabora coa Real Filharmonía de Galicia e, desde setembro de 2005, é subdirector da Banda Municipal de Pontevedra e director da Banda de Música Xuvenil de Barro.







**ASOCIACIÓN AGRUPACIÓN MUSICAL DE VINCIOS**

Director: Juan Luis Costas Álvarez



## Historial da banda

Era o ano 1979 cando Xulio Costas Davila e Guillermo Costas Valverde creaban a primeira escola de música da parroquia de Vincios, no concello de Gondomar. Ese proxecto é unha realidade no ano 1982, coa fundación da Asociación Agrupación Musical de Vincios, na que está integrada a banda de música, que tivo como primeiro presidente a Néstor González Vilaboa.

A asociación está formada por máis de 300 socios e socias, que coa súa achega económica axudan a financiar a escola de música e fan posible que esta sociedade continúe adiante. O concerto de presentación da banda foi o día de San Pedro do ano 1983 en Vincios, no Colexio Público Serra-Vincios, baixo a batuta do seu primeiro director, Valentín Davila Costas.

O actual director é Juan Luis Costas Álvarez, quen ocupa o posto desde outubro de 2000.

No programa anual de actividades, contéplase a participación da banda en festivais, certames, concertos de intercambios culturais, concertos do Plan cultural da Deputación Provincial de Pontevedra, así como asistir a festas e verbenas populares. Vén sendo habitual participar nos certames organizados pola Deputación de Pontevedra. No certame do ano 2005, a banda acadou un terceiro premio na sección primeira.

Na actualidade, a banda conta con 75 compoñentes, unha banda infantil, coa que realiza os seus propios concertos, unha big-band de swing coa que participou na gravación do último disco da Coral de Mañufe e un grupo de metais infantil. Danse clases de solfexo, iniciación musical, frauta, clarinete, saxofón, percusión, violonchelo, trompa trompeta e trombón.

## Director

Juan Luis Costas Álvarez naceu en Valadares (Vigo). Comeza a súa andadura musical da man do seu pai e pasa, deseguido, á escola da Banda de Valadares, ao mesmo tempo que continúa cos seus estudos musicais no Conservatorio Municipal de Vigo.

A partir de aquí e por motivos xeográficos, estuda nos principais conservatorios da Coruña, Santiago de Compostela e Pontevedra, onde completou a súa formación musical. Os seus principais profesores foron José Vereza, Yepes, Ruíz, Villanueva, Guillén, Luis Carro etc.

Anos máis tarde, pasa por oposición a formar parte do corpo de músicas militares na especialidade de fliscorno. Ademais, asistiu a cursos de apreciación musical, trompeta-fliscorno e dirección de banda con Grau Vegara e Marcel van Bree.

Na actualidade, ademais de dirixir a Agrupación Musical de Vincios, colabora coa Unión Musical de Valadares e tamén é membro da Sociedad General de Autores. Conta no seu haber con marchas de procesión, pasodobres, unha muiñeira e unha rapsodia galega.



# Sección Especial





**BANDA ARTÍSTICA DE MERZA**  
Director: José Rodríguez Ramos



## Historial da banda

Fundada no ano 1828, a Banda Artística de Merza é a agrupación popular máis antiga de Galiza. O primeiro director do que se ten constancia foi Anselmo González, ao que sucedería o seu neto Roxelio Otero. Baixo a batuta deste director, no ano 1930, a banda dividiuse en dúas agrupacións: a Banda Vella, dirixida polo citado mestre e por Mariano Rodríguez, e a Banda Nova, dirixida por Ramón Sueiro e Manuel Blanco. O 13 de xullo de 1939 e coa dirección de Xesús Cao González vólvense xuntar ambas formacións.

Ao longo da súa dilatada traxectoria foron moitos os directores que pasaron pola Artística, entre os máis destacados figuran: Xosé Fiúza, Francisco Beristain, Enrique González, Rafael Aladrén, Feliciano Cagide, Francisco Ortega, Enrique García Rey, Antonio Castro, Amadeo Valero (subdirector da Banda del Generalísimo), Antonio Amigo, Alejandro del Río, Miguel de Santiago, Vicente Paniagua, Xurxo Guzmán, Serge Fortín e José Rodríguez Ramos, actual director. Do mesmo xeito, interveñen diferentes directores convidados como Marcel van Bree, Xosé Carlos Seráns, Xosé Casal ou Xosé Manuel Collazo.

A Banda Artística de Merza ten actuado por toda a xeografía galega, en Asturias, Valencia, Cantabria, Alacante e Portugal, sen esquecer as xiras que realizou por Venezuela nos anos 1982 e 1992 e por Arxentina no ano 2000.

Participa asiduamente en festivais e certames de recoñecido prestixio, como son os de Vigo, Cangas, Santiago de Compostela, Ourense, Lalín, Vila de Cruces, Catoira, Castrelo, Gres, Ordes, Meaño, Boqueixón, Monçao e Trofa en Portugal, Valencia, O Rosal, Valadares etc., así como en gravacións para distintos programas da Radio e Televisión de Galicia. En 1981 edita o seu primeiro disco, titulado *Bandas galegas*, e no 1998 o seu primeiro CD: *171 anos de tradición musical*.

Entre os premios acadados por esta banda, cómpre destacar os seguintes:

- Primeiro premio no Certame de Bandas de Música de Santiago de Compostela, no ano 1912.
- Terceiro premio no Certame de Cangas, no ano 1985.
- Terceiro premio no Certame Celta, celebrado en Vigo no ano 1986.

- Terceiro premio, obtido no Certame de Bandas de Lalín no ano 1990.
- Mención de honra no I Certame Galego de Bandas de Música Populares, realizado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e a CRTVG no ano 1995.
- Segundo premio, na sección segunda, do Certamen Internacional de Bandas de Música Ciudad de Valencia, no ano 2002.
- Primeiro premio e mención de honra, na sección primeira, do II Certame Provincial de Bandas de Música da Deputación Provincial de Pontevedra, no ano 2002.
- Premio da Cultura do Concello de Vila de Cruces, no ano 2003.
- Primeiro premio, na sección primeira, do III Certame Provincial de Bandas de Música da Deputación Provincial de Pontevedra no ano 2003.
- Primeiro premio e mención de honra, na sección especial, do IV Certame Provincial de Bandas de Música da Deputación Provincial de Pontevedra, no ano 2004.
- Primeiro premio e mención de honra, na sección primeira, da XXXIII Edición do Certamen Internacional de Bandas de Música Vila d' Altea, no ano 2004.
- Primeiro premio e mención de honra, na sección especial, do VI Certame Provincial de Bandas de Música da Deputación Provincial de Pontevedra, no ano 2006.
- Primeiro premio e mención de honra, na sección primeira, da XXXV edición do Certamen Internacional de Bandas de Música Vila d' Altea, no ano 2006.

A finais dos anos 70 comeza a traballar a escola de música da banda, que nun principio contaba cos mestres Amadeo Valero e Ramón Guzmán. Na actualidade, e en colaboración co Concello de Vila de Cruces, conta cun claustro de 17 profesores, que atenden a máis de 100 alumnos e alumnas. Desde a escola poténciase, ademais do traballo individual, a asistencia a cursos, a creación de grupos de cámara, bolsas de estudo, e a Banda Xuvenil da Artística de Merza, como reflexo do traballo realizado por mestres e alumnado.

Hoxe en día, a Banda Artística de Merza ten federados máis de 100 músicos, moitos deles profesionais, e está considerada unha das mellores e máis atractivas de Galiza e do Estado.



## Director

José Rodríguez Ramos nace en Araño (Rianxo). Aos sete anos de idade comeza os seus estudos musicais en Evian-Les-Bains (Francia). Debuta na banda municipal desta localidade tres anos máis tarde. De regreso ao país, prosegue os seus estudos de trompeta e inicia os de piano no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Durante esta etapa, pasa a formar parte da Banda Infantil de Taragoña. Máis tarde trasládase a Santiago, onde segue a estudar trompeta co mestre Maximino Boga no conservatorio desta cidade.

Desde o ano 1988 en diante, conflúen unha serie de circunstancias que marcarán o seu futuro profesional. En primeiro lugar, pasa a formar parte da Banda Municipal de Santiago, agrupación na que presta os seus servizos durante tres anos. É nesta época cando asiste a varios cursiños co profesor José María Ortí Soriano, do Conservatorio Superior de Música de Madrid e trompeta solista da Orquesta Nacional de España. A partir deste momento, compaxina as clases que este profesor imparte na Academia Santa Cecilia de Madrid cos estudos oficiais no conservatorio compostelán, onde obtén o título de profesor superior de trompeta.


En 1990 ingresa por oposición na Banda Municipal da Coruña. Nesta nova etapa imparte cursiños en diversas localidades da xeografía galega e tamén colabora coas máis diversas agrupacións do noso país, como son: o Grupo de Metais Santa Cecilia de Ferrol, o Grupo de Metais de Santiago, Coruña Brass, o Grupo de Metais de Galicia, a Banda Sinfónica de Galicia, a Orquesta Sinfónica de Galicia e a Orquesta de Cámara da Coruña, coa que actuou de solista.

Outras das súas facetas musicais foron as de colaborador de varias escolas de música, mestre de trompeta no Conservatorio Profesional de Música de Ferrol ou director da Banda de Música de Vilalba. Continúa a perfeccionarse no seu instrumento con profesores da talla de Vicente Martínez, Juan Carlos Alandete ou Benjamín Moreno e segue os cursos que imparte José Ortí.

No verán de 2003 ingresa por oposición no corpo de profesores de conservatorio. Desde este momento, imparte docencia no Conservatorio Profesional de Música da Coruña, faceta que compaxina coa de director da Banda Artística de Merza.









Organizan



Colaboran



ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL

